



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 3 DE ABRIL DE 2014

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIÓNS

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

FALTAN Á SESIÓN

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día tres de abril dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 6 DE MARZO DE 2014.

2º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DO RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVA Á DESAFECTACIÓN DE ANACO DE CAMIÑO PÚBLICO RADICADO ENTRE AS LEIRAS N° 721 E 641-1 DA ZCP DE SAN XIAO DE VEA, E A LEIRA N° 2117 DA ZCP DE MONTE VAL DO VEA, PARA A SÚA POSTERIOR COMPRA-VENDA COMO PARCELA SOBRANTE, CO OBXECTO DE AGREGALA Á FICA COLINDANTE PROPIEDAD DO INTERESADO, D. JOSÉ REY LÓPEZ.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 3 E O 28 DE FEBREIRO DE 2014, ÁMBOLOS DOUS INCLUIDOS.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 6 DE MARZO DE 2014.

Sr. Alcalde.- A todos benvidos á sesión ordinaria do Pleno correspondente á sesión plenaria do mes de abril. A parte na Orde do Día, a parte sigue da seguinte maneira, primeiro temos a parte resolutoria, o primeiro punto é a aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o día 6 de marzo de 2014, ¿non sei se hai algunha cuestión á acta? Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ao respecto da mesma gustaríanos que se revisase a asistencia do grupo de concelleiros e concelleiras, posto que consideramos que non se reflexa correctamente a relación de persoas asistentes a dito Pleno.

Sr. Alcalde.- Bueno que tome nota a Secretaría da relación de asistentes á sesión plenaria, i en todo caso si non identifican si non teñen identificado onde pode estar o erro pois...

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Home, aparece que non asiste un membro do noso grupo que si estaba presente en dita sesión. Non era complicado de identificar.

Sr. Alcalde.- Si vostede o di non, pero si non o di evidentemente si sabe vostede o que é que se corrixa a presenza dun membro do Partido Socialista o señor Espiño ¿non? na asistencia á sesión plenaria.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno **ACORDA**, por unanimidade:

Aprobar a acta da sesión plenaria celebrada o día 6 de marzo de 2014, previa rectificación do erro advertido en canto aos concelleiros asistentes á dita sesión, debéndose incluír a D. Manuel Otero Espiño, o cal figura como non asistente.

Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DO RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVA Á DESAFECTACIÓN DE ANACO DE CAMIÑO PÚBLICO RADICADO ENTRE AS LEIRAS N° 721 E 641-1 DA ZCP DE SAN XIAO DE VEA, E A LEIRA N° 2117 DA ZCP DE MONTE VAL DO VEA, PARA A SÚA POSTERIOR COMPRA-VENDA COMO PARCELA SOBRANTE, CO OBXECTO DE AGREGALA Á FICA COLINDANTE PROPIEDAD DO INTERESADO, D. JOSÉ REY LÓPEZ.

Sr. Alcalde.- O punto número 2 é o Ditame da Comisión Informativa do Rural e Medio Ambiente relativa á desafectación de anaco de camiño público radicado entre as leiras 721 e 641-1 da zona de concentración parcelaria de San Xiao de Vea, e a leira 2117 da zona de concentración parcelaria monte Val de Vea para a súa posterior compra-venda como parcela sobrante co obxecto de agregala á finca colindante propiedade do interesado José Rey López.

¿Non sei se hai algunha intervención en relación a este punto? Procedemos a votar, ¿votos en contra?, ¿Abstencións?, ¿Votos a favor?, apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a solicitude de desafectación de anaco de camiño público (351,00 m²) radicado entre as leiras números 721 e 641-1 da ZCP de San Xiao de Veá, e a leira nº 2117 da ZCP de Monte Val do Veá, para a súa posterior compra-venta como parcela sobrante, co obxecto de agregala á finca colindante (nº 641-1 da ZCP de San Xiao de Veá) propiedade do interesado, D. José Rey López.

Visto que a persoa interesada:

--Acepta o prezo sinalado no informe do Enxeñeiro Técnico municipal (877,50 euros), a razón de 2,50 €/m².

--Comprométese a aportar no Concello (unha vez lle sea alleada a finca), inscrición rexistral acreditativa de ter agrupada a parcela cuxo alleamento solicita coa lindeira da que é propietario.

Visto que o ben en cuestión é dominio público, polo que primeiramente ao alleamento a un lindeiro é precisa a súa desafectación e máis a súa declaración como parcela sobrante.

Vistos os informes técnicos do Enxeñeiro Técnico Agrícola municipal, de datas 10-11-2010, 25-02-2013, 20-03-2013 e 20-01-2014.

Visto o informe da Secretaria en funcións, de data 17-03-2014.

Visto o informe de fiscalización da Sra. Interventora, de data 20-03-2014.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, en sesión do 27-03-2014.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar o expediente para:

a) Desafectar a parcela que se describe a continuación, que non se atopa inscrita no Rexistro da Propiedade: anaco de camiño público (351,00 m²) radicado entre as leiras números 721 e 641-1 da ZCP de San Xiao de Veá, e a leira nº 2117 da ZCP de Monte Val do Veá.

b) Declarar expresamente parcela sobrante a mencionada parcela.

c) A recepción formal da mencionada parcela como ben patrimonial ou de propio do Concello.

Segundo.- Publíquese anuncio do presente Acordo no Taboleiro de Editos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal, a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo de 1 mes.

Terceiro.- Tralo preceptivo trámite de información pública e de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro de prazo, o Acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

A) MOCIÓN CONXUNTA DOS TRES PARTIDO POLÍTICOS QUE CONFORMAN Á COROPORACIÓN, RELATIVA Á REFORMA DO PAC (POLÍTICA AGRARIA COMÚN) PARA O PERÍODO 2014-2020.

Sr. Alcalde.- Antes de pasar á parte de Control da Xestión temos que propoñer dúas mocións de urxencia. A primeira delas é relacionada co Acordo celebrado na Xunta de Portavoces, na Xunta de Voceiros das tres forzas políticas, en relación a unha moción da Política Agraria Común, moción que finalmente, iniciada polo partido socialista, e que se chegou a un acordo as tres forzas políticas, consensuada nesa Xunta de Portavoces i non sei si, como a iniciativa parte do Partido Socialista, quere dar lectura a señora Louzao ao acordo chegado polas tres forzas políticas. Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, entendo que todavía estamos debatindo a urxencia ou ¿xa entramos no fondo?

Sr. Alcalde.- Primeiro debatimos a urxencia, a urxencia desta moción. ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor?

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Sr. Alcalde.- E unha vez aprobada a urxencia ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, en efecto, como vostede expoñía señor Alcalde, unha moción iniciada polo Grupo Socialista, polo alá rexistrada no Concello o 31 de xaneiro, na que, en atención á negociación que se está a levar en canto á distribución das axudas da política agraria común, pois pedíamos unha serie de iniciativas, de solicitudes á Xunta de Galicia para que as refrende nas súas negociacións no Ministerio i que á sua vez ao Ministerio, para que axude i beneficie aos nosos agricultores i agricultoras, produtores en definitiva dentro do primeiro pilar de reforma da PAC. Unha moción, que como vostede dicía, iniciaban os socialistas i na que tras algunhas modificacións por consenso se chegou a acordo. O consenso en acordos os que se chega i que se propoñen a este Pleno para o seu debate son os seguintes:

Solicitar á Xunta de Galicia i ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente que na normativa para a aplicación da reforma da PAC para o período 2014-2020, no que se refire ás axudas directas aos produtores, dentro do primeiro pilar se recollan:

Primeiro, unha normativa que teña en conta as especiais características das producións galegas cun déficit histórico de percepción de axudas, con moi pouca base territorial para o cal se estableza un pago por hectárea que sexa proporcionalmente regresivo, de tal forma que perciban máis axudas as primeiras 40 hectáreas declaradas.

Segundo, que se precise a definición de agricultor activo a efectos de condicionar os requisito de acceso ás axudas, de xeito que se garanta a percepción de axudas a persoas ocupadas realmente na actividade agraria, cando menos que a percepción dos ingresos relacionados co sector representen polo menos o 20 por cento dos ingresos da unidade familiar.

Terceiro, que se estableza un tope máximo na percepción das axudas da PAC por explotación, e ningunha explotación poida cobrar máis de 250.000 euros atendendo ás especificidades do cooperativismo.

Cuarto, que se estableza un acoutamento na definición de hectárea admisible cun criterio de corte productivo real baseado nas medidas estandarizadas de produción.

Quinto, que os sectores gandeiros, polas especiais características que teñen de moi pouca base territorial, teñan un tratamento singularizado a través das axudas acopladas, tratando de chegar aos máximos permitidos pola Unión Europea.

Ben, estos son os acordos que, como se dixo aquí, en xunta de portavoces, logo de acudir a unha Comisión i quedar sobre a mesa, foron acordados polos tres grupos, membros desta corporación municipal. Como dicíamos, un acordo que se chegou despois de distintas propostas sobre a mesa, entre elas pois a proposta socialista que recollía pois... primar 30 primeiras hectáreas, finalmente se chegou a un consenso de 14, entre outras cousas. Como dicíamos, os socialistas puxemos enriba da mesa esta iniciativa posto que temos ofertado noutras ocasións i seguimos ofertando un acordo que, baixo o noso punto de vista, parécenos fundamental de cara a ter unhas mínimas garantías de éxito no proceso de negociación das axudas da PAC, un período importante o 2014-2020 onde vai haber reformas de calado na agricultura i tamén no sector gandeiro i para o que, sen dúbida algunha, se debe de ir a negociar ao Ministerio, pero tamén a Europa con... en defensa dos nosos produtores. Consideramos que ata o de agora a Xunta de Galicia, i así o puxemos de manifesto, acudiu a reunións en defensa do sector sen uns obxectivos mínimos, sen ter negociado i chegado a acordos co propio sector i acudindo a non molestar. Somos conscientes de que a diferenza entre as explotacións galegas, onde están a maioría dos produtores, a diferenza territorial pola estrutura propia da nosa Galicia i a estrutura, por exemplo de Andalucía, son moi amplas en canto á base territorial. Por iso, considerando que Galicia ten máis produtores, ten moito polo que loitar neste sector, é polo que traíamos esta moción a debate neste Pleno, porque, dende logo, os estradenses tamén somos parte importante neste debate da PAC ou debemos selo, i así llo debemos facer ver no Ministerio, na Consellería i, dende logo, en Europa. Non se pode primar aos agricultores de sofá, que teñen grandes extensións, grandes terratenentes, polo simple feito de ser propietarios desas terras si non son o que se considera agricultor real, si non viven do campo i tamén colaboran i contribúen co campo. Por iso, nos alegra ter chegado a este acordo, ben é certo, como dixen antes, que bueno todos cedemos, neste caso nós pedíamos 30 primeiras hectáreas finalmente acordamos 40 pero, dende logo, nos alegra chegar a este acordo, aquí vai a estar o noso voto para seguir defendendo aos agricultores i seguir chegado a acordos, porque cremos que no caso da PAC, ao ser este ano a primeira vez que se permite aos estados que destríbúan, con respecto á súa realidade distinta, as axudas, cremos que é moi importante facer forza e ir todos xuntos a Madrid a negociar estas axudas.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moción polo tanto unánime das tres forzas políticas. Non sei si ten algo máis que engadir o señor Magariños, ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Sí, alegrarnos que chegáramos a consenso relativamente fácil as tres forzas políticas por un punto como é o da PAC, un punto que para A Estrada en particular é importantísimo, dado o peso que ten o sector primario, a gandería e a agricultura no noso concello. Se ben é certo que loxicamente non están reflexados aí os puntos máximos de cada unha das forzas, para nós por exemplo sería importante que a renda procedente da agricultura fose o 50 por cento das rendas e non o 20, me parece se non me falla a memoria, que o tope máximo fosen por axuda 100.000 euros, co cual quedaría un montante maior de diñeiro a repartir para quen realmente vive da agricultura e quen non é simplemente rentista das súas terras. O das 30... primar o das 30 primeiras hectáreas para nós era importante, si ben é certo que, como apuntaba o Concelleiro de Medio Rural, reflexar un criterio que tuvese en conta a media das explotacións galegas, bueno... aceptamos este punto en aras, como xa dixen antes, en aras do consenso, consenso importante para que as persoas e responsables das negociacións vaian a estas negociacións co apoio de

todo o sector agrogandeiro galego e o apoio de todas as forzas políticas. Para nós a PAC necesita unha modificación en profundidade que corrixa as deficiencias que existen entre sectores e países, pero bueno, esperemos que pouco a pouco se vaia mellorando e que a partir de maio, cun novo Parlamento Europeo, esto se corrixa e acabemos tendo unha política agraria común que defenda os dereitos de quen vive realmente da terra e defenda os dereitos que teñen os consumidores a ter uns produtos de calidade, unha alimentación sana, que eso só se consegue co que se chama agricultura de proximidade, e non coa agricultura que está promocionando a PAC que é a agricultura que ten quilómetros de asfalto e de combustible nos seus envases.

Sr. Alcalde.- Moi ben señor Magariños i señora Louzao, pois eu creo que no fondo coincidimos todos de que se abre un novo escenario, un escenario para a nova política económica, Política Agraria Común, i entendemos tamén, i así o fixemos saber que, bueno, polo menos manteremos unha proposta unánime ante o Estado, ante o goberno da nación i ante a Unión Europea i ante a Xunta de Galicia para saber que bueno... a nosa capacidade é moi limitada á hora de poder pechar ou influír nos acordos que se poidan pechar en relación á PAC. Pero si é certo que, bueno, pois é un exemplo de que somos quen de poñernos do lado dos intereses de Galicia, i somos quen de poñernos do lado dos intereses dos nosos agricultores i do noso sector primario no seu beneficio i as tres forzas políticas apoiando de forma unánime unha iniciativa que esperemos que abra un novo...un novo escenario esperanzador para o noso sector primario i para, como apuntaba o señor Magariños, seguramente ese cambio de modelo produtivo que ten que vir moito da man da agricultura, da ganadería, do sector forestal i onde Galicia pois seguramente teña moito que dicir, esperemos que eso sexa i a política agraria i a política común da Unión Europea i ese tan ansiado cambio de modelo pois veña da man deso, i aí teremos un potencial enorme para poder saír desta crise económica que nos ten a todos atenzados.

Así que, sin máis, procedemos a votar esta moción ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Apróbase a moción por unanimidade das tres forzas políticas.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada con data 03-01-2014 (R.E nº 927) polo grupo municipal do PsdeG-PSOE, relativa á aplicación da Reforma da Política Agraria Comunitaria.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa do Rural e Medio Ambiente en sesión celebrada o 27-03-2014, no que sinala que, debido a existencia dun acordo substancial no fondo da Moción presentada, se convén a celebración dunha xuntanza dos voceiros dos tres grupos políticos municipais para o 28-03-2014 co obxecto de redactar conxuntamente unha moción sobre a Reforma do PAC.

Vista a Moción conxunta presentada ao Pleno polos membros da Corporación, e que se transcribe literalmente de seguido:

“Unha vez aprobada a Reforma da PAC para o período 2014-2020 no marco comunitario, este deixou aberto para que sexa o estado membro que na negociación, no caso español coas distintas comunidades autónomas, faga unha distribución dos fondos o máis axeitada e acorde posible coa realidade produtiva e social existentes. De todos xeitos seguimos coa seca histórica de axudas e dereito de producir do agro galego, detrimento de outras zonas do estado e outros modelos de agricultura alonxados do agro galego.”

Nese proceso é no que nos atopamos inmersos a nivel do estado e no que Galicia como comunidade onde o sector agrario ten un peso moi importante, debería ter unha posición de defensa dos intereses dos nosos agricultores/as e gandeiros/as de cara a que estes poidan ter as mesmas oportunidades de competencia cos veciños europeos, posto que a igual produción existen produtores máis primados por este tipo de axudas que outros, estes terán maior posibilidade de competir da venda do produto.

Ata o momento celebráronse dúas sectoriais dos representantes de agricultura e medio rural das distintas comunidades autónomas co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medioambiente de cara elaborar a normativa reguladora do PAC para os vindeiros 7 anos. A primeira o 24 de xullo do ano 2013 e por último a celebrada os días 20 e 21 de xaneiro de 2014.

Galicia, a través da Consellería do Medio Rural e do Mar, acuda as reunións con unha posición de defensa clara e con uns obxectivos mínimos a acadar en dita negociación. É preciso que os responsable das negociacións se reúnan co sector e se acade un acordo político no marco parlamentario para que a Conselleira acuada as negociacións co respaldo de todo sector.

Un acordo que defenda a singularidade das producións galegas, e do modelo de produción que se da no noso país. Que corrixa a marxinación que os nosos produtores/as teñen a día de hoxe na percepción destas axudas pos estar gaseadas en dereitos históricos que on se adaptan a nosa realidade actual.

Galicia polo tanto ten moitos argumentos para poder mellorar as percepcións que había en períodos anteriores.

De no acadar unha PAC que verdadeiramente chegue aos produtores e a aqueles que xeran emprego no noso mundo rural, estaremos desperdiciando unha ocasión única de dar viabilidade a miles de explotacións, e tamén en certo sentido estaremos deslexitimando socialmente estas axudas.

É preciso unha modificación e profundidade do modelo da PAC, unha nova política agraria e rural na UE que tenda corrixir os fortes desequilibrios hoxe existentes (entre sectores e países), contribúa realmente un sector desenvolvido ao mesmo tempo que respectuoso co medio ambiente, a calidade dos alimentos e as funcións sociais e territoriais da actividade agraria.

Por todo o anterior, a Corporación Municipal da Estrada, dado a importancia que o sector ten neste concello, sendo un dos piares estratéxicos na dinamización e base da nosa economía produtiva, propón a adopción dos seguintes ACORDOS:

Solicitar á Xunta de Galicia e a o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que na normativa para a aplicación da Reforma de PAC para o período 2014-2020 no que se refira a axudas directas aos produtores (1º piar), se recolla:

1º. Unha normativa que teña en conta as especiais características das producións galegas cun déficit histórico de percepción de axudas, con moi pouca base territorial. Para o cal se estableza un pago por hectáreas que sexa proporcionalmente regresivo de al forma que perciban mais axudas as primeiras 40 hectáreas declaradas.

2º. Que se precise a definición de agricultor activo a efectos de condicionar os requisitos de acceso as axudas, de xeito que se garanta a percepción de axudas a persoas ocupadas realmente a actividade agraria. Cando menos que a percepción de ingresos relacionados co sector represente polo menos o 20% dos ingresos da unidade familiar.

3º. *Que se estableza un tope máximo na percepción das axudas da PAC por explotación, que ningunha explotación poida cobrar máis de 150.000 €. Atendendo as especificidades do cooperativismo.*

4º. *Que se estableza un acoutamento da definición de hectárea admisible cun criterio de corte produtivo real, baseado nas medidas estandarizadas de produción.*

5º. *Que os sectores gandeiros, olas especiais características que teñen de moi pouca base territorial, teñan un tratamento singularizado a través das axudas acopladas, tratando de chegar aos máximos permitidos pola UE.”*

Ante o sinalado na Moción literalmente transcrita, **ACORDAMOS:**

Solicitar á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que na normativa para a aplicación da Reforma da PAC (Política Agraria Común) para o período 2014-2020, no que se refire a axudas directas aos produtores (1º piar), se recolla:

1º.- Unha normativa que teña en conta as especiais características das producións galegas, cun déficit histórico de percepción de axudas e con moi pouca base territorial. Para o cal se estableza un pagamento por hectáreas que sexa proporcionalmente regresivo, de tal forma que perciban máis axudas as primeiras 40 hectáreas declaradas.

2º.- Que se precise a definición de “agricultor activo”, a efectos de condicionar os requisitos de acceso ás axudas, de xeito que se garanta a percepción de axudas polas persoas adicadas realmente á actividade agraria. E que a percepción de ingresos relacionados co sector represente, polo menos, o 20% dos ingresos da unidade familiar.

3º.- Que se estableza un tope máximo na percepción das axudas da PAC por explotación e que ningunha explotación poida cobrar máis de 150.000 euros, atendendo as especificidades do cooperativismo.

4º.- Que se estableza un acoutamento da definición de hectárea admisible cun criterio de corte produtivo real, baseado nas medidas estandarizadas de produción.

5º.- Que os sectores gandeiros, polas especiais características que teñen (de moi pouca base territorial), teñan un tratamento singularizado a través das axudas acopladas, tratando de chegar aos máximos permitidos pola Unión Europea.

B) CAMBIO DA DATA DA CELEBRACIÓN DA PRÓXIMA SESIÓN PLENARIA.

Sr. Alcalde.- ¿Non sei se hai algunha outra moción de urxencia? Ten a palabra señor Magariños. ¿Ai! perdón, perdón señor Magariños, hai outra moción que creo que comentaron os voceiros tamén antes do Pleno, que a trataremos como moción, o cambio de data da sesión plenaria do mes correspondente... do mes de maio, que coincide o 1 de maio, xoves, e teríamos sesión plenaria ese día, por ser festivo acordamos trasladalo ao seguinte xoves que será o día 8 de maio, a sesión ordinaria do Pleno municipal.

Así que, si lles parece, votamos a urxencia para que quede o acordo tomado e despois votamos o fondo da cuestión. Votos da urxencia: ¿votos en contra?, ¿abstencións?, ¿votos a favor? Apróbase por unanimidade.

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Sr. Alcalde.- I, no fondo da cuestión, votamos, ¿votos en contra?, ¿abstencións?, ¿votos a favor? Apróbase o cambio de data para o 8 de maio.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o sinalado no acordo adoptado polo Pleno da Corporación o 11 de xullo de 2011, polo que se fixa a celebración das sesión plenarias os primeiros xoves de cada mes.

Vista que a data de celebración da próxima sesión plenaria sería o 1 de maio de 2014, día festivo por ser a Festa do Traballo.

ACORDAMOS:

Fixar como data de celebración da próxima sesión plenaria o día 8 de maio de 2014.

C) MOCIÓN DO BNG, RELATIVA ÁS SANCIÓN S QUE ESTÁN A SUFRIR OS AFECTADOS POLAS PREFERENTES E SUBORDINADAS, E ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE PRESIÓN AOS NOVOS DONOS DE NOVAGALICIA BANCO.

Sr. Alcalde.- ¿Algunha outro moción? Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Traio aquí unha moción por urxencia, está relacionada cunha serie de sanción s que están a sufrir os afectados...certas persoas afectadas polas preferentes e subordinadas. E ademais unha dentro desta moción introduce un punto que sería unha medida de presión de cara aos novos donos de Novagalicia Banco, de neste caso o señor Escotet, que sería a retirada das contas do Concello si o señor Escotet non ten a ben cumprir as promesas de solución que se lle fixo aos afectados e afectadas polas preferentes.

Sr. Alcalde.- Moi ben, ¿non sei se hai algunha cuestión en canto á urxencia desta moción? Pois procedemos á súa votación, ¿votos en contra?, ¿abstencións?, ¿votos a favor? Vótase a favor a urxencia, procedemos ao debate do asunto.

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Sr. Magariños do BNG.- Moi ben, si ben é certo que na moción que entreguei por rexistro e que son coñecedores as forzas políticas porque así llo fixen chegar, van dous puntos, vou a introducir un punto novo nesta moción, bueno, lereino despois da argumentación, que teño que abrir para lelo, ten que ver co acordo ao que chegaron as tres forzas, bueno, as forzas galegas no Parlamento o 11 de marzo, se non me falla a memoria, onde se pide a reforma da Lei 9/2012, do 14 de novembro, para esixir as quitas ás persoas aforradoras e ás entidades bancarias que se lle colocaron as preferentes. Este punto é pedirlle aos representantes no Parlamento do Estado i aos representantes no Senado que cando se toque este punto se retiren esta Lei ¿non? Pero bueno, os puntos que si van nesta moción teñen que ver coas sanción s a que están recibindo afectados polas plataformas, membros das plataformas de afectados polas preferentes e subordinadas, sanción s que teñen que ver cun

acto que aconteceu no noso concello cando foi a Festa do Salmón do ano pasado ¿non? Estos cidadáns estaban exercendo o seu lexítimo dereito a esixirlle a quen tiña a solución para o seu problema, que, neste caso, sería o poder político, porque o poder político é quen tiña que derogar esta Lei que legalizaba o roubo das preferentes, quen legalizaba as quitas. Cidadáns que se manifestaron, non foron máis alá que protestar e esixir solucións e, como contestación, a Administración lle aplica unha serie de sancións. Dáse o caso que ademais un dos afectados, creo que son dúas persoas, a unha xa se lle retirou a sanción pero á outra persoa que se lle aplica a sanción foi a única persoa que non foi...non se identificou neste acto ¿non? Ás persoas identificadas non se lle aplica sanción, sin embargo si se lle aplica a unha persoa afectada. O punto que ten que ver coa retirada das contas que a entidade...que o Concello ten coa entidade Novagalicia Banco, ten que ver coa presión que lle temos que meter todos ao señor Escotet, actual dono da Novagalicia Banco, para que cumpla as promesas que lle fixo ás persoas afectadas polas preferentes e subordinadas. Mañán teñen unha reunión os afectados co señor Escotet, estaría ben que soupera que toda Galicia, especialmente os concellos que teñen un volumen importante de capital neste banco, non están pola labor de que este señor non cumpla coas súas promesas ¿non?

Gustaríame que un membro da Plataforma aquí presente argumentara, porque ten máis coñecemento deste punto e esta moción, o que vai acontecer mañán, con permiso loxicamente do señor Alcalde presidente do Pleno e si lle da permiso....

Sr. Alcalde.- Moi ben, pois neste punto o que si lles parece lle damos participación aos representantes da Plataforma que hoxe están aquí, para que expoñan a súa postura en relación a este tema.

Sr. Xosé Palacio Perulero.- Bueno, ben, quero agradecer á corporación que se me autorizara a intervir neste Pleno para defender ou ampliar a argumentación que xa se fixo aquí sobre esta moción. Quero, en primeiro lugar, decir que esta moción está sendo presentada nos distintos Concellos de Galicia, tamén foi presentada na Diputación de Lugo e está sendo aprobada maioritariamente polos distintos Concellos. A título informativo, como xa comuniquéi aos medios de comunicación, estas mocións foron presentadas principalmente en Concellos do sur de Pontevedra, en Salceda de Caselas, en Bueu, en Poio, en Oia, en Tui, A Guarda, Tomiño, en Salvaterra de Miño e, por último, no Concello das Neves, bueno, por último non, no Concello das Neves foi o primeiro onde se presentou. A exposición de motivos desta proposta de apoio á nosa reivindicación están baseadas na situación actual que basicamente consiste en que, bueno, se autorizou a privatización de Novagalicia, esta entidade xestiona o 40 por cen do aforro dos galegos, pero o resultado pois neto foi que se entregou esta entidade a unha entidade bancaria estranxeira, Banesco, pola cantidade de mil millóns de euros a pagar en varios prazos hasta 2018 e, tendo en conta que, bueno, que a entidade foi rescatada con fondos públicos, que evidentemente haberá que devolver, de nove mil millóns de euros. En todo caso o tema que nos trae aquí é por todos coñecido, esta entidade tiña previamente, cando eran Caixanova e Caixa Galicia, 1.800 millóns de euros en participacións preferentes subordinadas, as persoas afectadas despois de dous anos e medio, practicamente tres anos de longa loita, de estar na rúa mobilizándose continuamente, conseguimos ou conseguiron, gracias a toda esta presión, a recuperación de 1.300 millóns de euros por distintos sistemas, evidentemente o proceso de arbitraje, o canxe ou incluso ultimamente sentencias xudiciais. En todo caso o que nos trae aquí é que o problema está sin resolver, a entidade continúa no seu poder 500 millóns restantes que non foron devoltos froito da quita

aplicada polo FROB o pasado mes de xuño. Bueno, aquí podía facer un relatorio moi grande sobre... bueno, o papel que tiveron os distintos responsables políticos nesta cuestión, bueno, quero deixar claro que evidentemente o responsable último é o Ministerio de Economía e o FROB, pero tamén quero destacar que o actual Presidente da Xunta, bueno, garantizou que iba haber unha solución para resolver o problema das preferentes pero hai bastantes meses que non se pronuncia sobre que vai ocorrer con estos 500 millóns de euros que faltan por devolver, corresponden a 35.000 persoas que non recuperaron todo ou parte dos aforros. De feito o Presidente da Xunta, cando se anunciou a venta de Novagalicia, dixo que se declaraba tranquilo e satisfeito polo desenlace da venta de Novagalicia, eu entendo que, dada a importancia desta entidade, e como mínimo tería que terse interesado, porque no contrato de compra-venta de Caixa Galicia se introducira algunha cláusula na cal o comprador, o propietario de Banesco, Escotet, establecera que solución concreta iba a dar para esta problemática que por todos é recoñecido como unha estafa masiva. Ben, no máis recente, xa en decembro, solicitamos entrevistas con responsables do goberno galego que entendemos que están ou deberían ter información directa i fluída sobre a situación en que estamos e o proceso de venta. Nomeadamente o Conselleiro de Economía e Facenda, Francisco Conde, rexeitou unha entrevista que solicitamos en decembro argumentando que ten a axenda ocupada i despois o Vicepresidente, o Conselleiro da Xunta, Alfonso Rueda, nin sequera se dignou a contestarnos nos dous meses que pasaron desde que solicitamos esta entrevista. Entendo que o Conselleiro de Xustiza bueno, evidentemente Francisco Conde como Conselleiro de Economía ten que ter imaxino ¿non? Ou imaxinamos que tería algo que decir sobre esta cuestión, i o Vicepresidente Conselleiro de Xustiza, Alfonso Rueda, resumidamente o que lle queríamos plantexar é en que situación están todas as demandas xudiciais, hai unha avalancha de sentencias xudiciais que están sendo favorables i simplemente pois que, digamos, el debe de dispoñer todos os datos, que fixera os datos públicos i que tamén puxera claramente diante dos afectados, que anunciara claramente que a única vía que está aberta neste momento son as demandas xudiciais. Porque, por último, tamén solicitamos entrevistas co comprador de Caixa Galicia, Escotet, que prometeu hai máis de 90 días que iba a dar unha solución i, como todos i todas sabedes polos medios de comunicación, adiou esta decisión, argumentando, bueno, que está falta, digamos, pechar os detalles co FROB i que hasta que non sexa o titular efectivo, porque a entidade está xestionada, o consello de administración está controlado polo FROB, pois que non o podía dar. A boa noticia tamén que creo que xa se anunciou aquí é que mañán, si que mañán mércores, perdón, mañán venres vai recibir unha representación dos afectados.

Ben, paso a un dos puntos principais que é a retirada das multas. Entendemos para nós que este punto é fundamental porque o que non entendemos é que, tendo a razón como afectados pola estafa, recoñecidos polos propios arbitraxes, por distintos...por bueno, distintos organismos políticos, parlamentos, concellos hai numerosas mocións que non vou relatar aquí de apoio aos preferentistas por parte de todos os grupos políticos, pois o que atopamos é que a determinados compañeiros nosos, especialmente no ámbito da provincia de Pontevedra, pois están... foron bombardeados con sancións promovidas pola Policía Nacional, a Garda Civil, Policías Locais, incluso denuncias promovidas por responsables políticos, alcaldes nomeadamente. Soamente na provincia de Pontevedra, este é un dato importante, as multas por manifestarse acumulan máis de 16.000 euros i actualmente pois todas as... todas estas sancións administrativas que recurrimos foron sistematicamente rexeitadas, estamos obrigados a ir a un contencioso-administrativo. Esperemos que a xusticia nos de a razón, porque de todos é coñecido tamén, bueno e de feito tamén

o fixemos público, todos os xuicios de faltas ou naqueles casos en que fomos denunciados distintas personas da Plataforma, os xuíces arquivaron os casos, absolvéronnos ou, en todo caso, consideraron que non estábamos incumplindo ningún tipo, bueno, de delito nin de falta, simplemente por expresar libremente pois bueno, as nosas protestas en mobilizacións que foron todas elas pacíficas. Consideramos que todas estas accións son manifestamente arbitrarias e inxustas, i entendemos que sólo poden ser enmarcadas dentro dunha estratexia de amedrentar ao noso colectivo de afectados, como afectados por estafa...pola estafa das preferentes e incluso a outros colectivos...outros colectivos sociais. Penso que tamén todos coñecedes que hai sentencias recentes, por exemplo sobre o caso dos escraches, que no seu momento foron bastante polémicos, onde os xuíces dun xeito meridianamente claro din que forma parte da liberdade de expresión i do dereito dos cidadáns a expresar dentro de canles pacíficas as súas protestas. Indo xa ao concreto, porque nos preocupa, especialmente porque unha das sancións está imposta, unha das sancións que non foi retirada está imposta a unha persoa da Plataforma do baixo Miño que participou o 19 de maio na Festa do Salmón, son da Plataforma de Compostela; tamén quero dicir que nese día houbo dúas persoas identificadas pola Garda Civil da Plataforma de Compostela que, bueno, pola razón que sexa, pois non recibiron esa sanción, entendemos que en boa lóxica foron arquivadas porque a mobilización, bueno, esos actos se celebraron de xeito pacífico, non se interrompiu o desenvolvemento dos acontecementos i non entendemos como esta persoa, que por certo está sendo blanco de numerosas denuncias, de numerosas sancións i practicamente pois bueno parece ser que o chibo expiatorio precisamente por ser a Plataforma da que é portavoz das máis activas, pois está sendo, realmente podemos dicir represaliado, amedrantado ou sancionado. Hai máis persoas á parte da persoa da que estou falando que é Xulio Vicente, i entón pois queremos insistir moito en que, bueno, practicamente casi todas as persoas que estamos aquí, incluídos os membros da corporación, estiveron presentes nesa mobilización i poderían acreditar i constatar que as mobilizacións se desenvolveron de xeito pacífico i non interrompiron aos propios actos da Festas do Salmón. Consideramos totalmente inxusto esta sanción i en todo caso pois tampouco entendemos que fora multado, porque nin sequera foi identificado pola Garda Civil, é que son cousas totalmente sin sentido. Pola contra pois xa digo que hai persoas identificadas que non recibiron a multa i entendemos que deberíamos recibir todos un trato igualitario diante dunha cuestión deste tipo. Ben, este tema tamén sabe o señor Alcalde que foi trasladado á Deputación de Pontevedra hai algúns meses, unha petición á Deputación de Pontevedra que intercedera ou intervira diante nomeadamente do Delegado do Goberno para que retirara sancións, que non se efectuara o pago executivo das multas a través do ORAL e un longo etcétera.

Ben, entón para nós este punto, que é un dos puntos que se propón é fundamental ¿non? Ben, que se condene publicamente a represión que están a sufrir as persoas estafadas polas participacións preferentes i subordinadas mediante sancións administrativas irregulares e cheas de falacias, i que se dirixa ao Delegado de Goberno de Galicia instando a que retire ou archive ditas sancións administrativas. Sería lamentable, vamos a acudir evidentemente ao amparo da xustiza, a conteciosos-administrativos, entón sería lamentable que un xuíz acabe dándonos a razón i que persoas que perderon miles de euros e que están nunha situación economicamente complicada pois teñan que afrontar as costas xudiciais, o proceso xudicial i outro longo calvario despois de toda a presión que están sufrindo. Eu estou avogando aquí directamente pola, bueno, pola persoa de Xulio Vicente que ten unha multa de 600 euros por eses feitos, pero recordo que hai persoas de avanzada idade que están...teñen multas por saltar vallas, por enfrentarse

aos axentes da autoridade cando son persoas que andan cun andador, persoas de 82 anos. Outra persoa, digo por citar algúns exemplos que penso que todos os coñecedes polos medios de comunicación, unha persoa tamén maior que, bueno, que é acusada de levar unha arma contundente que simplemente pois é un tapacubos dun 600 e un pao que utiliza pois para facer unha cacerolada ¿non? A esta persoa tampouco se lle retirou a multa. Ou multas, por exemplo, pois por circular sin cinturón, a unha persoa que lle chega a multa a propiedade do coche i que o coche non estaba circulando, entón resulta que a multan porque lle di que non comunica quen é a persoa que estaba conducindo o vehículo. Bueno, e un longo etcétera, non me quero estender. Entón para nós este punto é fundamental, porque todas estas actuacións, multas, sancións, denuncias, etcétera, cando se están...cando se fan, cando contra unha persoa dos afectados estase facendo contra todos os afectados, é unha cousa que quero deixar claro i entón pois non é un problema individual senón que realmente é unha estratexia que entendemos que vai dirixida contra o colectivo.

Ben, quero pasar a outro aspecto que é o que destaquei antes, que actualmente as demandas xudiciais son a única vía aberta para os estafados. Ben, esto é unha evidencia de que foi unha estafa planificada, porque así o están acreditando os xuíces, i, bueno, as mobilizacións das Plataformas de afectados están logrando unha sensibilidade por parte do poder xudicial que non atopamos na clase política ou en determinadas organizacións políticas. Están sendo, como digo, todas as sentencias nun, no caso de Novacaixagalicia, nun 95 por cen favorables aos estafados, todos os casos independentemente de que a xente fora á canxe por liquidez ou non.

Ben, por último quero comentar a cuestión da promesa do futuro dono de Novacaixagalicia, prometeunos unha solución, temos poucas esperanzas en que esta solución sexa efectiva. Quero citar aquí un dato que en prensa saíu bastante... pasou bastante desapercibido i é que, bueno, círculos financeiros económicos poñen en duda a propia solvencia do señor Escotet, é dicir, da entidade Banesco ¿non? En todo caso pois, bueno, resulta canto menos paradóxico que o primeiro prazo que ten que afrontar, que non se sabe cando o vai facer, é algo que nin sequera o propio FROB é capaz de precisar, pois que sexa unha entrega de 300 millóns de euros, o que falta por devolver das preferentes que prometeu devolver i que o FROB comprometeu tamén afrontar o 85 por cen das demandas xudiciais que se gañen, representan 500 millóns de euros. Eu realmente non son experto en economía pero as contas non me saen ¿non? En todo caso, bueno, esta é unha cuestión importante. Sobre a reunión que vamos a ter mañán, bueno, evidentemente podemos ter ou non unha solución, nós realmente non cremos... estamos fartos de promesas incumplidas i teremos que valorar en que sentido este señor se compromete ou non a dar unha solución. Repito que actualmente o que é o propietario, bueno, o que ten o control do banco é o FROB do, bueno, dependente do Ministerio de Economía, i tamén anuncio aquí que o mércores temos unha reunión os representantes das Plataformas en Madrid co señor Carrascosa, con representantes do FROB, entón ben... Esto, e xa conclúo, non desvirtúa a petición que facemos de retirar as contas que ten na entidade bancaria Novagalicia Banco si o futuro dono desta entidade, o señor Escotet, non cumpre a promesa de dar solución ás miles de persoas estafadas no momento en que acredite, asuma ser o novo propietario de Novagalicia Banco, o texto xa evidentemente revela que isto non aconteceu ¿non?, nin se comprometeu, nin tampouco é o propietario. entón entendemos que independentemente do que ocorra mañán pois isto está totalmente en vigor. I para nós é moi importante, para nós é moi importante que os Concellos, non como xesto simbólico senón como un compromiso efectivo, pois fagan efectiva esta cuestión.

Por último, i xa remato, solicitamos a inclusión nesta moción de apoio, este punto que se refire a que o Concello da Estrada acorde dirixirse aos portavoces de todos os grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados e no Senado para demandarlles, por un lado que presenten a proposición de Lei aprobada polo Parlamento Galego na que se demanda a reforma da Lei de restructuración do sector financeiro, que resumidamente permitiría eximir das quitas que xa se acometeron ás persoas aforradoras, sempre que se acredite a condición de aforrador; , por outro lado, evidentemente que apoiem cando esta proposición de Lei sexa sometida a votación, tanto no Congreso como no Senado. Entón con eso conclúo, gracias pola atención i esperamos que a corporación apoie todas estas peticións que entendemos que son totalmente xustas i ademais que están de total actualidade, precisamente por todas as cousas que comentei aquí, gracias.

(Aplausos)

Sr. Alcalde.- Moi ben don Xosé, pois en primeiro lugar supoño que en nome de todos os que aquí estamos agradecerlle de forma expresa a súa intervención pola claridade na que a fixo, i polo respecto i o tono no que a efectuou, creo que, independentemente de que a exposición sexa máis adecuada, máis coherente ou menos, ou cada un teña a súa opinión, creo que desde logo o que hai que decirlle é que é vostede todo un cabaleiro i que fixo aquí unha exposición a súa maneira perfecta, i que lle agradecemos moito o tono i a forma na que a fixo. Creo que o resto dos grupos tamén queren intervir, si o señor Magariños quere continuar coa súa intervención ou lle damos paso á voceira do Partido Socialista para que faga tamén a súa intervención. Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, gracias. Agradecer, evidentemente, a exposición, como xa ten feito o señor Alcalde, a exposición que ten feito o representante das Plataformas hoxe aquí congregadas. Dicir que, evidentemente, está perfectamente claro cal é a súa postura, o mesmo que o está tamén cal é pois os acordos que se nos piden que tomemos. Anticipar xa que, dende logo, este grupo municipal apoiará esta moción, igual que ten apoiado en tantas outras ocasións aos representantes da Plataforma i aos afectados estradenses directamente. Dicir i coincidir que, evidentemente, é prioritario que ese acordo adoptado se leve ao Parlamento i se leve ao Senado i se fagan esas reformas, dende logo, necesarias para que en primeiro lugar se solucione este problema i segundo nunca máis volte a acontecer. Porque, dende logo, algo no que todos estamos de acordo i deberemos estar é que o problema de preferentes e subordinadas é sin dúbida un problema dunha estafa, un problema dun roubo á cidadanía, ás familias en definitiva co agravante da situación económica na que quedan, na que se poñen i, dende logo, si xa falamos por encima de sancións por exercer un lexítimo dereito de defensa dos seus intereses, de protesta, dende logo, eso xa roza o esperpéntico. A situación na, que como digo, quedaban moitas das familias, as dificultades nas que se vían facían que, dende logo, a rabia tuvese que saír porque a necesidade chamaba a súa porta en vista do roubo que lles acababan de facer. Sen dúbida por eso censuramos que se teñan producido sancións, é máis, nos choca incluso no día de hoxe ver representantes das forzas de seguridade na Plaza do Concello cando entendemos i vemos a actitude pacífica i tranquila, conciliadora coa que se acaba de presentar esta moción; unha moción na que estou certa que todos coincidiremos en remarcar que todo apoio que se lle dea a estas familias que, aínda a día de hoxe, xa transcurrido moitos meses, incluso anos desde que este problema saíu á luz se atopan, continúan na loita i parece que neste país unha vez máis simplemente se fai caso cando está nos medios de

comunicación. I, como xa se dixo aquí, hoxe manifestamente estas protestas que estaban continuamente nos medios de comunicación porque a indignación era palpable na nosa sociedade i latente, parece ser que se rebaixaron i que se escondeu o problema, o problema sigue aí, o problema sigue sin solucionar. I, dende logo, nos alegramos de que por fin o señor Escotet tivese a ben recibir aos representantes das Plataformas porque, como tamén xa se dixo el mesmo foi quen dixo que poñería solución a esta situación, i son todavía nos dicían aquí 35.000 as persoas que siguen sin solución, que siguen véndose abocadas a acudir á xustiza cos gastos que eso implica, polo tanto encima dun roubo teñen tamén outras penalizacións, xa non sólo as sancións por defender os seus dereitos senón tamén penalizacións económicas para poder defenderse ante unha situación manifesta inxusta. Nos alegramos de que por fin o reciba pero dende logo, i somos moi cautos tamén con esta reunión tal i como se ten manifestado, porque non esquezamos o señor Escotet comprou un banco por 1.000 millóns pero, dende logo, un banco que estaba intervido i no que o responsable todavía a día de hoxe segue a ser o Estado a través do FROB, porque non esquezamos, como se puxo de manifesto, que todavía non se presentaron os avais necesarios para ese primeiro pago, un cómodo pago en prazos ata 2018 que xa chegados o caso do primeiro non se pudo satisfacer. Dende logo censuraremos sempre a privatización das caixas galegas porque non foi a solución, i se está vendo que, dende logo, non está dando resposta necesaria ás persoas afectadas por este problema.

Agardamos que mañán esa reunión saia adiante, que nun proceder que satisfaga a todas as personas afectadas pero, dende logo, tamén agardamos que non teñan que verse obrigadas as persoas que siguen afectadas, que siguen as familias padecendo este problema i tendo dificultades derivadas deste problema que non vexan, non se vexan obrigadas outra vez a poñerse todos os días na rúa, outra vez visibilizar o seu problema como fixeron cando se comenzaron a solucionar a través de arbitraxes. Dende logo acudir á vía xudicial está ben, pero o que non podemos facer é relaxarnos, i de aí é responsabilidade non as persoas afectadas que siguen día a día nesa loita senón, dende logo, os gobernos, porque unha cousa é acudir a reunións i decir que se vai intermediar, incluso aquí algunhas neste Concello, e outra cousa ben distinta é que o problema a día de hoxe sigue sin solución. I, como dixo un dos lemas que puidemos observar cando entrábamos, "non habrá solución hasta que exista devolución", porque os veciños, os propietarios que tiñan asignadas este tipo de produtos preferentes subordinadas en ningún momento viron que fosen inversores, en ningún momento pretenderon especular senón o que pretendían, como se ten demostrado xa en tantas sentencias, era obter un produto de aforro que poidese garantir o futuro das súas familias, i eso dende logo tamén, i debemos asumir a parte de culpa como representantes, tamén debemos estar do seu lado i non facer que teñan que estar día a día na loita, día a día saíndo con manifestacións en prensa i manifestándose pola rúa i protestando, senón, dende logo, exercendo a presión que corresponda ante quen corresponda para facer entender que a lexislación neste país debe cambiar, que esto non debe voltar a suceder, pero o máis importante que as persoas que a día de hoxe siguen con máis de 500 millóns de euros atrapados hai que darlles unha solución. Esa solución dende logo non pasa por sancións, non pasa por represión i, como dicíamos, mantemos o espírito de conciliación que se abreu neste Pleno coa exposición feita, pero entendemos que hai cousas que non se están facendo ben i que non se pode agachar a cabeza debaixo da alfombra. Vender Novagalicia Banco non foi a solución, o problema sigue existindo, privatizar non foi a solución. Polo tanto cremos que debemos de continuar apoiando na loita ás persoas afectadas igual aquí que no Parlamento, loitando para que se modifiquen as leis e, dende logo, esixindo á Xunta de Galicia que os reciba, así como

tamén ao señor Escotet que mañán lles dea, lles ofrezca unha solución ao seu problema, moitas grazas.

(Aplausos)

Sr. Alcalde.- Moi ben, señora Louzao i señor Magariños, tamén ao representante da Plataforma. Creo que quedou medianamente claro ou creo que en moitos dos debates que tuvemos aquí vostedes, moitos dos que están hoxe presentes aquí outros que non están, foron testemuñas de momentos vividos neste Salón de Plenos i noutros lugares, momentos de tensión, momentos donde os afectados reclamaban de forma insistente unha solución a un problema que, como aquí se detallou en máis dunha ocasión, se pode considerar unha estafa, unha estafa na que ademais na gran maioría das estafas que se produciron neste país pois posiblemente esta sexa un cambio histórico na súa resolución, porque na gran maioría delas nunca nadie chegou a cobrar un peso, cando falamos de estafa. I, neste caso, si hubo un cambio importante no que foron as decisións que se foron tomando a medida que o problema iba evolucionando de cara a buscar unha solución dun xeito claro a un porcentaxe, ou á maior parte da xente que estaba afectada i que fora atrapada neste problema das preferentes e subordinadas. Ese creo que é un dato importante que nadie debe de perder de vista, porque eu recordo outras moitas outras estafas como pudo ser Fórum Filatélico ou a Finsa, ou outras moitas donde as persoas que nelas quedaron atrapadas non foron capaces de recuperar nin un sólo euro do que alí tiñan invertido ¿non? I neste caso, no, i hubo manifestacións, i hubo presión social, i hubo un clima importante de tensión i non foron quen de buscarlle unha solución ao seu problema. Así que si é certo...

(Intervencións do público que non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Si é certo que neste caso hubo unha mobilización social importante, i si é certo que neste caso hubo unha sensibilidade social i política importante para buscar unha solución a este problema. Porque eu quero recordar que Galicia foi pioneira na resolución deste problema, quero recordar recordar i que miremos o que está pasando con Bankia ou con outras entidades financeiras, canto teñen devolto dos cartos que están atrapados en preferentes i en subordinadas i cantos cartos...

(Intervencións do público que non se aprecia)

Sr. Alcalde.- I cantos cartos se solucionaron i de que maneira se solucionou en Galicia. Eu creo que non se debe de perder esa referencia, creo que debemos de posicionarnos todos, cada un na súa parte, i nin toda a razón está dun lado, nin toda a razón está do outro, creo que no medio está a virtude, i creo que neste caso hai que reconocer o papel que dunha forma directa ou indirecta desempeñaron todos os axentes implicados neste proceso (**gritos do público**). Hubo unha mala comercialización duns determinados produtos financeiros, evidentemente non houbo a regulación ou o control que debía de haber para que non se comercializasen estes produtos a persoas que tiñan un perfil claramente aforrador, i ese problema derivou en que esa falta de control durante moitos anos, durante moitos anos, moitos, non é de agora nin de fai dous anos nin de fai catro, durante moitos anos esa falta de control derivou en que hubo moita xente, no caso de Galicia en torno a 1.800 millóns de euros i en torno a creo recordar 80.000 ou 90.000 persoas, que quedaron atrapadas no problema das preferentes e das subordinadas. Partindo desa base i partindo dun desenlace que provoca o proceso final de venda de Novagalicia Banco a unha entidade privada como é Banesco hai un compromiso por parte dos novos administradores de intentar

buscar unha solución i de abrir unha vía de diálogo chegado, bueno, pois creo que un momento máis ou menos prudencial, creo que se falaba de 90 días para iniciar as negociacións cos preferentes para buscar unha solución definitiva ao seu problema. De feito, como ben comentaba aquí o representante da Plataforma, aproximadamente se recuperou xa o 70 por cento do capital invertido por parte dos aforradores, en moitos dos casos nun porcentaxe importante o 100 por cen do capital a través do proceso de arbitraje i outro porcentaxe importante a través da conversión coa correspondente quita que, bueno, pois na vía xudicial, efectivamente moitas das sentencias xudiciais están fallando a gran maioría a favor dos aforradores i se lle está resolvendo, i se lle está... **(Intervencións do público)** i se lle está resolvendo a situación i se está fallando xudicialmente a favor dos intereses dos particulares, duns particulares que como dicíamos antes foron estafados. Calquer persona, eu o dixen i a parte non son sospeitoso de non seguir defendendo o mesmo que defendín dende o primeiro momento, calquer persona que é estafada ten seguramente hasta agora unha única vía que era a vía xudicial, a única vía que tiña, aquí abreuse unha vía alternativa i a vía xudicial evidentemente ten os seus costes pero tamén a persoa foi estafada i polo tanto cada un que sufriu esa estafa terá que defender da mellor maneira posible os seus lexítimos intereses ¿non? Creo que a ese nivel...

(Intervencións do público que non se aprecia)

Sr. Alcalde.- O arbitraje non foi perfecto pero foi unha solución, eu creo que todos coincidimos en... unha solución para aproximadamente o 65 por cento das persoas que quedaron atrapadas...

(Intervencións do público que non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Bueno...pregúntenllo vostedes ás persoas que cobraron claro, esto é unha situación...eu entendo que xa se falaba de que non todo o mundo cumpría os perfís para poder ser chamado, eu creo que un porcentaxe importante en torno ao 65, 70 por cento das persoas foron chamadas ao arbitraje i esa...

(Intervencións do público que non se aprecia)

Sr. Alcalde.- No, en torno ao 70 por cento ao final co proceso exprés de arbitraje que se fixo nos últimos meses se chegou a en torno ao 70 por cento dos titulares foron chamados ao proceso arbitral, recuperaron o 100 por cen dos seus aforros i agora temos o que é a vía xudicial que é unha opción, a segunda opción evidentemente, a primeira foi o arbitraje tería as súas...sería a súa... evidentemente non sería perfecto pero era...creo que foi un medio extraordinario para poder buscar unha solución adecuada. Tamén é certo i eu teño que decir aquí publicamente, porque eu creo que me caracterizo por ser claro i falei claro sempre ás distintas plataformas de preferentes i subordinadas dos que están aquí, eu creo que fun transparente sempre i dixen que a veces un pode ter a razón, un pode ter a forza da razón pero pode perder a razón pola forza i foi o que posiblemente en algún caso lle pasou á lexítima defensa dos intereses das Plataformas de preferentes i subordinas. I neste caso o teño que decir, i ademais hoxe aínda, i o poden consultar vostedes, estuven visionando a rolda de prensa que eu persoalmente i o grupo de goberno demos ao día seguinte da Festa do Salmón, i estuven visionando tamén os vídeos colgados en internet en relación á actitude dalgunha persoa ese día da Festa do Salmón. Eu teño que decirlle publicamente aquí que eu me sentín persoalmente bastante doído, bastante ofendido, ademais era un día de festa no que todos contábamos coas nosas familias i tuvemos que soportar

insultos i vexacións persoais cando entendíamos que non éramos obxecto de todo ese tipo de cuestións. Hubo algunha persoa que incluso chegou a propasarse de maneira clara, i tamén teño que dicir que a persoa que pudo ser, pois neste caso sancionada, non o foi por iniciativa nin proposta, nin miña, nin deste goberno, por suposto foi iniciativa e proposta das forzas da orden público i polo tanto eu teño que respectar i entender que no seu traballo son ecuánimes i teñen, desde logo, a presunción de que iniciaron ese expediente sancionador por algunha actuación non adecuada que tuvo esa persoa no Concello da Estrada. I tamén teño que dicir i o vou a dicir alto i claro...

(Intervencións do público que non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Tamén o vou a dicir i o vou a dicir moi claro, o vou a dicir moi claro, aquí había unha Plataforma de preferentes que foi a que solicitou a manifestación naquel momento, desa Plataforma non houbo ninguén nin que se salise do espacio donde estaba autorizada a manifestación, nin ninguén que fose nin advertido, nin identificado, nin multado, ninguén das persoas que no seu momento solicitaron esa manifestación, esa convocatoria de manifestación donde se lle fixou un lugar adecuado. I houbo outras persoas que incumpliron...

(Intervencións do público que non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Había outras persoas que é unha falta, é unha falta grave, incumpliron a autorización que estaba dada para a realización desa manifestación, chegaron a crear situacións, eu creo que hasta certo punto en algún caso violenta, i ademais podo dicir máis, podo dicir que non foi... **(gritos do público)**... xa estamos perdendo as formas, eu creo que eu escoitei i creo que todos escoitamos aquí, despois terán... despois si queren teñen outra vez o turno de palabra, lle daremos encantado o turno de palabra para que poidan intervir. Eu o que quero dicir é que eu me sentín, nos sentimos todos bastante atacados pola actitude dalgunhas persoas, non da maioría certo é, non das persoas que tiñan solicitado ese día manifestación i que tiñan autorizada a manifestación, que tiveron un comportamento creo que exemplar. E tamén digo máis, i digo máis, posiblemente as persoas que foron ou a persoa que foi sancionada o sería con motivo non por proposta, non a proposta deste Alcalde nin deste goberno... **(intervención do público, non se aprecia)**... pois as forzas do orden son as que deciden, as forzas do orden son as que denuncian porque é unha denuncia da Guarda Civil terán que ir vostedes a manifestarse diante da Guarda Civil, que llo expliquen porque foi quen os denunciou, non este goberno, non, non, foi a...foron os axentes do orden os que procederon a iniciar o expediente sancionador contra esta persoa de oficio. I tamén digo máis, porque eu xa digo que son bastante claro, incluso hai algunha persoa hoxe neste Salón de Penos que si fora ao mellor levado eu no meu primer momento polo que pensaban naquel momento houbera estado hoxe sancionado tamén, polo que... pola súa actitude i polas súas formas no día da Festa do Salmón, pero creo que nese caso demostramos certa prudencia i tranquilidade, entendimos o problema, i hoxe hai algunha persoa neste Salón de Plenos que insultou reiteradamente i de forma grave á miña persoa i algunhas persoas das que estamos aquí, i está hoxe aquí sin ter ningunha sola sanción, porque evidentemente entendimos a situación i eu, desde logo, non me gusta polimizar con este tema, eso tamén o quero dicir, i o quero deixar claro, porque todos, porque vostedes nos conocen a nós i eu i aquí nos conocemos i temos coincidido en varios sitios, i algúns nos temos coincidido en outras manifestacións i en outras cuestións, i aquel día seguramente máis dalgunha persoa da que está

aquí hubiera tido motivos para hoxe estar sancionada i non o está. Dito eso...

(Intervencións do público, non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Dito eso...no, eu actúo...eu fago i falo... eu falo en... **(intervención do público que non se aprecia)**, pero vai a ter vostede a oportunidade de volver a intervir, non se preocupe que nós non temos prisa ningunha, pode volver vostede a intervir as veces que queira que vamos a falar aquí o tempo que lles parezca conveniente para poder intercambiar as opinións que teñamos sobre este tema. Dito esto están as imaxes en internet, ademais é o bo que ten internet para poder ver, poden saber cal é a miña opinión ao día seguinte de ter sufrido esos actos dos que eu discrepo radicalmente pola forma na que se fixeron, poden ver a miña opinión, poden ver a miña forma de interpretar, que é a miña maneira de interpretalo evidentemente, ou a deste goberno, i poden ver vostedes tamén pois como foi desenrolándose ese día i o comportamento i as actitudes que determinadas personas tiveron en ese día da Festa do Salmón, que era a festa de todos os estradenses. Dito esto, polo tanto, o que quero decir xa en primeiro lugar é que este goberno, o Partido Popular en este caso, non vai en ningún caso a instar á retirada de ningunha sanción a unha persoa que foi sancionada por unha falta de orden público i que foi tramitada de oficio polas forzas do orden público, evidentemente non hai...

(Intervencións do público, non se aprecia)

Sr. Alcalde.- No, eu vou...no, vostede falou expresamente...se falou expresamente do problema da Festa do Salmón e do problema dunha persoa que foi multada con 600 euros, expresamente na súa intervención, i eu quero dar a miña explicación ou a nosa explicación de que foi...no, de cal foi a nosa actitude. Entonces, este goberno i este Alcalde non denunciou absolutamente a ningunha persoa, ningunha, non iniciou ningún expediente nin solicitou o inicio dun expediente sancionador, polo tanto non vai a iniciar ou a solicitar tampouco ningunha solicitude de paralización de ningún expediente sancionador, eso é o primeiro que lle teño que decir. O segundo que lle teño que decir, comentaba perfectamente, cando interveu antes, de que hai denuncias de alcaldes, hai denuncias de alcaldes que foron... que emitiron as súas denuncias i que, bueno, pois se puideron manifestar ou non, este Alcalde i este goberno non denunciou absolutamente a nadie e xa lle digo tiñan posiblemente motivos máis que suficientes para telo feito.

Despois tamén teño que decir...

(Intervencións do público, non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Pero eso fale cas forzas do orden, fale das forzas...fale cas forzas do orden público que foron as que iniciaron de oficio esa sanción. Eu podo estar...pois recúrrana, eu instolle a que a recurran i me parece perfecto, é unha...eso si que é algo que é factible facelo, pero un acordo plenario no que nós instemos ás forzas do orden público a retirar unha sanción imposta por unha alteración do orden dunha persoa sería, desde logo, nin é competencia deste Pleno, nin temos a capacidade...pero non é competencia deste Pleno nin temos capacidade para facelo, polo tanto...

(Intervencións do público, non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Vexo que vostede vai a renunciar a intervir no seguinte turno porque xa está intervindo agora, entonces vai a

renunciar a intervir no seguinte turno i pecharemos o turno entonces as forzas políticas, xa que vostede pois ten ese talante que fixo gala del, pero está perdendo un pouco, porque creo que aquí todo o mundo escoitou con tranquilidade e paciencia as súas argumentacións, eu xa digo, discrepo nun porcentaxe importante de todas as que dixo vostede, pero eu aquí estuven escoitando atentamente todas as súas aportacións i as súas ideas, i creo que se respectou, creo que con escrupuloso silencio ¿non?, o que hubo que decir aquí i pode gustar máis ou menos, pero cada un ten a súa visión deste tema i eu quero dar a visión que este grupo de goberno i o Partido Popular da Estrada ten en relación a esta cuestión.

Non hai ningunha persoa da plataforma da Estrada que teña ningunha sanción en curso, non hai ningunha persoa que, desde logo, pois pudiera estar afectada por este tipo de cuestións, polo tanto eu creo que si algún ten un problema coa xustiza é un problema del i terá que resolvelo da maneira que considere oportuno, i aí eu creo que si o dereito o asiste i a lei o asiste pois quedará exento, i si non pois terá que asumir o coste que lle corresponda, unha falta de alteración de orden público como calquer outra persoa que o poida cometer de igual maneira.

Como decía antes, creo que eu fun claro i contundente ao día seguinte nos medios de comunicación de cal era a miña impresión do que acontecera ese domingo Día do Salmón na Estrada, hubo persoas que incluso nin sequera respectaron o espacio máis vital dunha persoa concreta, con grabacións, insultos á cara i, desde logo, momentos de tensión nos que ademais, pois como decía antes, eu persoalmente pois como comprenderá meu fillo, que un ten 9 anos i outro ten 6, lle costaba bastante entender por que había determinados personaxes, que xa tiñan a categoría de "personaxe", que proferían insultos persoais contra a miña persoa, incluso afectando á miña familia tamén. Entonces, como comprenderá, resulta bastante complicado de entendela, nun día festivo donde un vai acompañado da súa familia i ten que pasar momentos de tensión bastante desagradables. Recórdolle á saída do eatro, desde o Teatro Principal ata a carpa, donde tuven que acabar ou acabamos escoitando ao final da banda de música, a cantidade de impropiedades e de insultos que alí se vertiron, i, como digo, algunha persoa está aquí hoxe neste Salón de Plenos, i está aí sin ningún tipo de sanción, nin ningún tipo de acción por parte deste grupo de goberno. Así que creo que as cousas se demostran andando, eu respondo ou este goberno, o Partido Popular da Estrada responde pola súa parte de responsabilidade, alá aqueles alcaldes ou corporacións, ou gobernos, ou persoas individuais que iniciaron os expedientes ou as denuncias para iniciar os expedientes sancionadores, eles terán ou estarán en todo caso na capacidade ao mellor de solicitar ou de renunciar ou de instar a que se anulen esas ou se arquiven esas denuncias. No caso da Estrada non é posible nin é factible porque, xa decía antes, foi de oficio feita polas forzas da orden público.

I eu creo que, en definitiva, temos un novo escenario como comentaba perfectamente aquí, mañán se produce unha nova...a primeira reunión co novo equipo directivo de Novagalicia, entendo que cando o novo dono de Novagalicia lanza un reto público nas primeiras horas de ter adquirido a entidade donde, bueno, pois se sentará nun prazo de tempo razoable cos preferentistas para buscar unha solución ao seu problema, entendo que, pois como unha persoa que se lle presupón sería i responsable, terá unha proposta para iniciar a traballar cos responsables das plataformas a partir de mañán. Polo tanto eu creo que debemos de dar o dereito i a confianza mínima necesaria para poder buscar a solución a ese 30 por cento de capital que queda todavía pendiente de devolución, algo menos do 30 por cento, o máis do 70 por cento xa foi recuperado, i agora pois o deixemos na man dese novo equipo directivo para ver cales son as propostas que plantexa. I decirlles que en relación á relación que

esta administración ten con Novagalicia Banco, bueno, decirlles que é unha vinculación de fai moitos anos donde hai unha serie de compromisos adquiridos, entre outras cousas operacións de crédito coa propia entidade i con organismos vinculados a esta entidade donde Novagalicia sempre tuvo unha colaboración moi estreita, i a verdade é que foi unha entidade moi apegada i moi próxima aos intereses, sobre todo do que é a administración local, unha entidade coa que este Concello ten unha relación pois creo que, bueno, pois en función tamén da súa cuota de mercado que ten no noso Concello i, en todo caso, o que si lles podó decir evidentemente non actuaremos a priori, pero o que si está claro é que a nosa imaxen ou a nosa vinculación ca entidade cambiará no caso de que as palabras do seu responsable non se cumpran en relación cos preferentistas ¿non? Eu creo que eso a nadie se lle escapa de que chegado o momento i evolucionado no tempo este problema que xa é un problema moito menor do que había fai un ano, ou fai dous anos, i agora xa está, i agora está realmente localizado i focalizado, esperemos como evoluciona esta cuestión i no caso de que non cumpla cas expectativas creadas en relación aos seus compromisos cas plataformas de afectados polas preferentes, valoraremos no seu debido momento cales serán as nosas relacións pois comerciais ou as súas relacións, as relacións do Concello da Estrada ca propia entidade Novagalicia Banco. Pero creo que agora mesmo lle debemos de dar un marxen de confianza aos novos xestores da entidade i esperemos, desde logo, por responsabilidade, porque ademais flaco favor lle fariamos si todas as administracións lle retirásemos o apoio a Novagalicia Banco, lles podó garantir que o primeiro que farían sería non solucionar o seu problema eso téñano claro, porque non terían entre outras cousas capacidade nin liquidez para poder solucionar nin para poder plantexarse ningún tipo de solución ao seu problema .Así que o coherente, o razoable i o sensato é non prexudicar máis todavía as maltreitas arcas da propia entidade, esperar..

(Intervencións do público, non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Esperar a ver como evoluciona, esperar a ver como evoluciona...eu non pretendo explicar nada, eu non son empleado de Novagalicia Banco nin son directivo, nin teño ningunha relación, nin lle coloquei a ninguén dos que está aquí ningunha preferente, nin lle fixen firmar nada a nadie eso llo podó garantir. Así que creo que vostedes fan moi ben reclamando o seu, creo que o teñen que facer con corrección i creo que dentro das normas básicas de comportamento. I creo ademais que desde este goberno sempre se foi o todo sensible posible a intentar axudar na búsqueda dunha solución a este problema que desde o primeiro momento se intentou, bueno, intentamos poñernos ao fronte, sei que, bueno, hasta a última das persoas non cobre nunca se chegará a solucionar o problema de forma definitiva, Pero si é certo que hubo unha evolución importante no último ano e medio, que se buscaron solucións na medida das posibilidades i que eu espero que esa parte de solución que queda sin acordar ou sin buscar que a encontremos ca nova dirección da entidade financeira, i que con diálogo, como creo que parece empezar a querer abrir esa vía de diálogo o novo responsable de Novagalicia Banco, pois con diálogo i con pois todos empuxando na mesma dirección pois consigamos buscar a solución definitiva a un problema de dimensións importantes i que eu creo que ademais por xusticia i por dignidade debemos de resolvelo. I esa, desde logo, é a nosa posición ou a nosa visión deste conflito, compartindo moitos dos argumentos i das ideas que as propias plataformas i os afectados teñen i falado moito de forma particular con eles creo que a nadie se lle escapa que nós temos clara a sensibilidade en relación a este tema i vocación de ser útiles, pero o que hai que ser o primeiro é serio, responsable, riguroso i despois actuar en consecuencia.

¿Non sei se hai algunha outra intervención? Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Si, é triste que esteamos debatindo estos puntos ¿non?, triste que esteamos pedindo a retirada dunhas sancións administrativas repito, sancións administrativas, non doutro tipo de sanción, a alguén que non lle quedou máis remedio que saír á rúa para reclamar o seu lexítimo dereito a que se lle exercera a xusticia. Reclamar o seu dereito a quen tiña responsabilidade de vixiar porque as entidades bancarias non estafaran aos estafados polas preferentes e subordinadas, e reclamarlle a quen tiña na súa man derogar a Lei que legalizaba esta estafa como foi as quitas, e a resposta que lle da quen goberna é ! non querías unha taza, toma dúas e vámosche a dar a súa correspondente sanción económica para que aprendas e non volvas a manifestarte". Se falaba aquí do exemplo de Bankia, si aos galegos e ás galegas se lle empezaron a escoitar e a dar pequenas solucións foi porque saíron á rúa, aos de Bankia mentras non saíron á rúa é que non lle fixo caso ni Dios, ni Dios!!. É máis, tiveron que falar os afectados de Bankia con representantes galegos no Parlamento Galego, neste caso o deputado do BNG, cando era deputado o señor Jorquera, para que lle dixera que tiñan que facer porque vían que alí non lle facía caso nin a divina caridad ¿non?, e, sin embargo, en Galicia saír á rúa estaba traendo as súas consecuencias. O que é triste é que neste país para que alguén faga valer os seus dereitos mínimos como é a que lle respecten o capital, o traballo de toda unha vida, tiña que salir á rúa a protestar, eso é bueno somos... falamos democracia, nos chamamos democráticos, aí é onde se demostra realmente a democracia neste país, que a xente ten que saír á rúa para reclamar o seu lexítimo dereito a que se lle solucionen os problemas. Polo que falaba o señor Alcalde supoño que o segundo punto está de acordo, porque no segundo punto o que di é: "que o Concello da Estrada retire as súas contas que mantén na entidade bancaria de Novagalicia Banco si o novo dono desta entidade, o señor Escotet da actual Banesco, non cumpre a súa promesa de dar unha solución aos afectados e afectadas", neste caso poñía ata o 31 de marzo habería que modificala ¿non?, é simplemente con deixar "non cumpre a súa promesa, non lle dá unha solución aos afectados e ás afectadas". Non é de recibo que se regale un banco público a unha entidade privada, porque temos que falar de regalo, efectivamente, que encima o pagamos os cidadáns, se lle regala o beneficio e non se lle fai...e o señor Escotet que non se vai a facer cargo dos compromisos e da solución do problema que creou os anteriores directivos de Novagalicia Banco, por certo creo que non hai ningún aínda na cadea ¿non?, sin embargo hai sancionados os afectados, i os responsables siguen sin sancións, pero bueno...

(Aplausos)

Sr. Magariños do BNG.- Creo que o mensaxe ten que ser alto e claro de que os Concellos galegos, particularmente o Concello da Estrada defende os intereses dos seus cidadáns e non está por avalar unha entidade bancaria que estafa e despois non cumpre a promesa, e non soluciona os problemas que crea. Novagalicia cando era unha Caixa, e aí o falou ben o señor Alcalde, estaba próxima aos cidadáns, o aforro dos galegos estaba ao servizo dos cidadáns galegos, de quen alí depositaba os seus capitais, o traballo dunha vida, pero cando se lle engadeu o apelido BANCO e se quixo privatizar pasou a, desde logo, facer todo o contrario, estaba para estafar aos quen alí poñía os seus capitais porque había que ao final garantir unhas contas de resultado para encher os petos dos directivos e así están tamén enxuciados, non están aínda na cadea porque xa sabemos que a xustiza neste país é lenta para algúns pero,

como ben decía abaixo un afectado, para quen roba galiñas é rapidísima, para quen rouba millóns non, é lenta pero para os outros sí. Entón esperemos que este segundo punto polo menos aínda que non se acepte a moción que se teña en mente, i o día seguinte de que o señor Escotet incumpla o que prometa ou incumpla dar a solución, inmediatamente o concello da Estrada retire as contas con esta entidade bancaria. Pero repito, non teríamos que estar aquí, non terían por que estar estos veciños e veciñas da Estrada e de outras zonas que veñen apoiar aos veciños da Estrada, que veñen a apoiar, a reclamar que se aprobe esta moción, si a administración, si quen goberna non creara este problema, e creou este problema porque non actuou de vixilante cando tiñan que actuar, e creou o problema aprobando unha Lei que regularizou as estafas, e a partir de aí non lle quedou máis remedio que os afectados e afectadas polas preferentes saír á rúa, e de aí temos estas sancións orixinadas para meter medo aos veciños e veciñas que reclaman os seus dereitos.

(Aplausos)

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias señor Magariños. Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben gracias. Ben, creo que efectivamente está medianamente claro cales son as posturas expostas aquí, está medianamente claro tamén cal é dende logo a situación das persoas i das familias afectadas, están estafados i, a día de hoxe tempo despois siguen sin ver solución ao seu problema, ao revés, viron como teñen que padecer non sólo atrasos burocráticos senón tamén sancións, tamén cargas económicas para poder defender os seus lexítimos dereitos. I, como dixen antes, nós defenderemos sempre a liberdade dos cidadáns para defender os seus dereitos, defendemos sempre, tamén como dixemos, o apoio ás persoas afectadas porque, dende logo, unha estafa claramente é o que sufriron i lamentamos que se teña feito hoxe aquí unha comparación entre...con outras situacións de natureza de estafa. Lamentamos porque, dende logo, as comparacións son odiosas i neste caso moito máis, a situación das familias tamén debe de preocuparnos, non solamente facer comparacións i estadísticas i ver si foi máis bonito na foto ou non. Dende logo a situación que nos debe de preocupar é a das familias, que as 35.000 persoas que todavía siguen sin ter unha resposta ao seu problema, a situación na que quedan esas familias que tamén teñen nenos de 5, 6, 9, 30 anos, tamén teñen nenos e nenas que queren ir á escola i teñen dificultades porque seus pais teñen problemas económicos, si vamos a eso i nos poñemos a ese nivel todos poderíamos facer ese tipo de argumentacións. I dende logo, como xa teño dito aquí, consideramos que a solución das quitas non é a solución desexable, esa negociación foi un claro error aceptalo pero, dende logo, que é máis claro error todavía é non posicionarse do lado dos afectados i non esixir que os seus problemas teñan solución o antes posible, non esixir que esa Lei que permitiu isto se derogue i, dende logo, solución para o futuro. Como dixemos xa nun principio, cando os argumentos están claros podemos caer en filosofar, podemos caer en xustificar o inxustificable pero, dende logo algo, que se debe de respectar porque a nosa sociedade así no lo ditamos cando vamos ás eleccións é o dereito que temos todos a defender os nosos lexítimos intereses, i, dende logo, o Grupo Socialista hoxe dá o seu apoio ás persoas afectadas i polo tanto dá o seu apoio a esta moción.

(Aplausos)

Sr. Alcalde.- Moi ben, por parte dos afectados...moi ben, pois ten vostede a palabra. Un segundo, que lle acheguen o micro.

Sr. Xosé Palacio Perulero.- Bueno, sobre a intervención a min paréceme realmente indigno que se pretenda xustificar non apoiar a centos de afectados que están afectados por todas estas sancións administrativas por importe de 16.000 euros, todos eles en protestas pacíficas simplemente por unha cuestión de revanchismo persoal. Todo o seu discurso está centrado na súa persoa e parece, tamén me parece hipócrita tirar balóns fóra i decir que esto é unha cuestión de orden público, que en todo caso é responsabilidade da Garda Civil, porque repito que a Garda Civil, a Policía Municipal e os responsables da orde son funcionarios evidentemente que siguen ditados políticos. Que non se denunciara a esta persoa si, evidentemente, amedrentar eu entendo que evidentemente comparte o espírito de algúns responsables do seu partido, tanto a nivel estatal podemos falar de Ministros ou incluso de Delegados do goberno ou Presidentes de Diputacións que teñen claro que a solución a este problema para sacarnos das rúas era amedrentar ao colectivo, coaccionarnos para que cesemos coas nosas propostas nunha estratexia de represión que vai exclusivamente destinada a sacarse o problema de encima. É unha estratexia de criminalización que foi exercida nomeadamente polo presidente no seu momento da Deputación de Pontevedra, o señor Louzán, i vexo que vostede pois é un bo aprendiz, un bo monaguillo do señor Louzán e... **(Aplausos)**... un monaguillo, un aspirante a inquisidor coas súas declaracións ás que xa nos ten acostumbradas no seu momento, cando acudimos as Plataformas en demanda de apoio que non se otorgou, en todo caso como poden acreditar os responsables da Estrada foi simplemente unha declaración de intencións que non conduciu a nada. I por último, me parece lamentable que actúe de xuíz i parte cando estamos falando, repito, de sancións administrativas, evidentemente espero que si vostede fora xuíz que non nos tocara a ningún de nós no caso de que teñamos que acudir á xustiza porque está claro de que lado está. En todo caso, insisto, vostede está instaurado na estratexia do PP de criminalizar non só a nós, sino aos movementos sociais, hai que matar ao mensaxeiro, disparar contra as persoas para que...persoas concretas para que sirvan de factor exemplarizante, incluso levándose por medio ao que sexa preciso. Convertir ás vítimas en verdugos, eso é o que pretenden, estar do lado das persoas que están no posto máis débil utilizando simplemente, como decía, non a forza da razón senón a razón da forza pura e dura e da represión. Entón, insisto, entendo que isto é unha actitude inquisitorial impropia dun responsable público, en todo caso si se consideraba acosado ou que algunha persoa, bueno, atentou contra a súa persoa evidentemente o que tería que ter feito é acudir á xusticia. Imaxino que naquel momento estaba pensando no fantasma do escrache ¿no?, que estaba tan en voga aquel...neses tempos, acabo a propia vicepresidenta do goberno penso que ten unha...tivo recentemente unha sentenza desestimatoria onde o xuíz meridianamente claro di que as protestas sempre que sexan pacíficas i en determinados canles, que en todo caso deberá de acreditar o xuíz non usted ¿eh?, como está enxuciando aquí, son lexítimas. Entón me parece realmente lamentable, i por último digo, está focalizando un problema por unha inquina persoal a unha persoa concreta o cal me parece totalmente indigno e impropio, i en todo caso insisto, si ten ese problema o que me parece realmente hipócrita é que non tivera asistido... acudido á xustiza si o ten tan claro. Ben, por outro lado me parece tamén moi hipócrita que diga que confía na solución de que o novo propietario de Caixa Galicia é o que nos vai dar a solución, por aí evidentemente os políticos nos pretenden vender que é un señor moi serio, simplemente eu teño claro de que se trata esto, unha estratexia de lavarse as mans despois de que se fixera esta venta pelotazo i que o FROB, o Ministerio de Economía hipotecara esos 9.000 millóns de euros cos que foi financiado o banco vendendo a

precio, bueno, de saldo sen ningún tipo de garantía insisto, en primeiro lugar de como se van recuperar esas cuestións, non ter esperado a que, bueno, anunciaron recentemente de que o banco está dando beneficios, os beneficios son a costa precisamente das quitas i o balance ese económico positivo vai ás nosas espaldas. En todo caso, si as perspectivas son que o banco se reflote i por eso non lle quere facer o boicot, porque di que pode desacreditar ao banco, pois tamén me parece pois unha cousa... posiblemente o que tería que ter feito o FROB é non vender o banco neste momento, con este pelotazo, i agardar a que estivera resolto o problema e que fora o propio FROB o que dera resposta i non ir a remolque ou en todo caso, como digo, lavarse as mans i desvincularse de todas as sentencias xudiciais que están facendo. Pola contra o que fixo foi un regalo ao señor Escotet, que lle vai financiar o 85 por cen das demandas xudiciais que se presenten, o señor Escotet pois non temos moi claro si vai a ser quen de ter liquidez ou simplemente vai ter vontade de devolvernosa esa cantidade íntegra, bueno, terá que facelo por mandato xudicial. En todo caso, desde logo, decir que no futuro si non cumple pois si que seguirá esta sanción pois, bueno, me parece que é outra vez tirar balóns fóra i penso que precisamente a oportunidade para estar do noso lado, botarnos un cable i por decilo así mandar unha mensaxe moi clara a Escotet de que, bueno, os políticos i as administracións públicas están do noso lado sería precisamente facer esa declaración onde non hai ningún compromiso ¿eh?, aí simplemente di que, bueno, que este Concello retiraría as contas no futuro no caso de que non se de unha solución, entón realmente me parece unha cousa inxustificable que non se apoie.

Por último, bueno, penso que esto está inscrito na dobre moral, na política hipócrita, mentirosa da organización política á que pertence que, por certo, non respondeu absolutamente nada a petición que fixen sobre, bueno, que esta corporación municipal inste a todos aqueles deputados e senadores a que apoiem esa moción, perdón esa proposición de Lei que sería evidentemente a solución definitiva para os nosos problemas pola vía política, sin necesidade de acudir á xustiza, i, perdón por utilizar esta expresión, que solo jodería que non a tivéramos i menos mal que nos ganamos digamos o apoio maioritario dos xuíces, cae por su peso. Bueno, i penso que nada máis, penso que van o Partido Popular, sospeito que vai repetir a estratexia hipócrita, a dobre moral, a política de mentiras, que consiste en quedar ben aquí votando mocións que despois non traslada aos seus deputados en Madrid, é decir, no seu momento calificamos de traidores aos deputados no Parlamento español que non apoiaron mocións que se aprobaran aquí no Parlamento Galego i penso que estamos ante outra vez ante ese triste escenario. En todo caso me gustaría que contestara si está disposto a apoiar este terceiro punto que penso que non é nada...bueno, non sei si ten argumentos i... pero non se enrolle senón simplemente diga que non a van apoiar i posiblemente aforraremos bastante tempo.

(Aplausos)

Sr. Alcalde.- Bueno, pois que quere que lle diga, hai cousas que teñen máis de política que de defensa dos intereses de colectivos ¿non? Eu véxoo a vostede moi metido nun papel posiblemente adoctrinado por algún partido político...

(Intervencións do público, non se aprecia)

Sr. Alcalde.- Non está vostede defendendo, creo que non está vostede defendendo os intereses xerais dos preferentistas, de feito non lle vou a...teño aquí apuntada a cantidade de insultos ou descalificacións que dixoo vostede na súa intervención, podoo entender que os faga, o que xa non podoo entender é que vostede sexa quen

dirixa esta sesión plenaria i marque vostede os tempos de intervencións desta corporación que é, como sabe vostede, de momento o Alcalde-Presidente é o que marca as intervencións i os tempos deste tema. Así que procedemos a votar este asunto ¿votos a favor? ¿Abstencións? ¿Votos en contra? Queda rexeitada a moción.

¿Non sei se hai algunha outra moción de urxencia? ¿Non sei se hai algunha outra moción de urxencia? ¿Non?

Finalmente, a Moción é sometida a votación, sendo rexeitada polos votos en contra do Partido Popular (11) e a favor do PsdeG-PSOE (9) e do BNG (1).

(Gritos entre o público, así como intervencións que non se aprecian).

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 3 E O 28 DE FEBREIRO DE 2014, ÁMBOLOS DOUS INCLUIDOS.

ESTE PUNTO NON FOI TRATADO NA SESIÓN PLENARIA POR OMISIÓN INVOLUNTARIA, POLO QUE SE DARÁ CONTA NA VINDEIRA SESIÓN PLENARIA.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde.- Pois entonces pasamos ao seguinte punto que é o punto de ...No, no.

Sr. Alberto Blanco.- (Non se aprecia)..... Hai que acabar, hai que acabar.....

Sr. Alcalde.- Portouse ben, portouse ben.

(Intervencións do público que non sen aprecia).

Sr. Alcalde.- Non, eu viña traballar. Seino. Moitas gracias, moitas gracias, venga moi amable, si señor, venga.

Seguimos, antes da parte...alteramos o orden da sesión plenaria por petición do BNG pero a parte de participación do público está despois da parte de rogos e preguntas, primeiro efectúan os grupos da oposición o correspondente rogo ou pregunta i posteriormente entramos na parte de Reglamento de Participación Cidadá donde calquer veciño pode facer un rogo, unha pregunta a esta presidencia. ¿Algún rogo, algunha pregunta? Pois ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, vou xa discernir algúns rogos, vou a facer unha pregunta, un tema que dende logo xa é coñecido polo goberno municipal pero polo que nos vemos obrigados a vir aquí, posto que dende logo hasta o de agora se teñen saltado á torera o que di a regulamentación sobre as entidades locais. Temos rexistrado, i será coñecedor o goberno municipal, así mesmo o señor Alcalde-Presidente da corporación, temos rexistrado dende o día 4 de marzo un escrito pedindo acceso ao expediente do Proxecto de Novo Mercado, así como un informe do departamento de Urbanismo e de Intervención para, bueno, pois poder, dentro do exercicio da democracia que neste Concello fixo que os cidadáns nos elexisen aos seus representantes poder realizar a nosa labor. Sen embargo esa labor non se nos ten facilitado, é máis, cando temos ido a

interesarnos para acceder a este expediente se nos ten dito na propia Alcaldía que non se sabe donde está o expediente, que se nos chamará i seguimos agardando un mes despois. É máis, se nos ten dito recentemente na mañán de hoxe que se estaba a fotocopiar, o que queremos é non unhas fotocopias de algo que non sabemos o que é, senón queremos acceso como temos dereito legalmente ao Proxecto do Novo Mercado. Queremos coñecer cal é o estado das certificacións desta obra, cal é o estado i os tempos que se manexan para cumprir i xustificar adecuada i correctamente esta realización desta obra, porque non esquezamos que foi un proxecto pensado i concebido, así polo menos o fixo o goberno que solicitou a axuda ao fondo FEDER, así o fixo pensado para revitalizar toda a zona, non só a infraestrutura, senón tamén a economía da zona a través do seu urbanismo, a través dos seus accesos i, dende logo, dinamizando o sector comercial. Por iso queremos saber cando se nos vai a facilitar o expediente do Proxecto do Novo Mercado para poder ver que está a pasar coas certificacións de obra, si se van a cumprir os prazos dados ou non. Xa somos coñecedores polos medios de comunicación de que existe unha prórroga solicitada, non se foi quen dende o goberno municipal de levar adiante o proxecto nos tempos establecidos, se teñen solicitado prórrogas pero tamén temos coñecido nos días recentemente de que agora se fala do mes de xuño, perdón, do verán para rematar a obra cando antes se falaba do mes de abril. Antes xa se dixo que se tería rematado en diciembre do ano pasado e a obra en definitiva sigue aberta, sigue sin terse revitalizado o seu entorno i, dende logo, a dinamización que o proxecto debe traer en si non a vemos cando estamos a piques de finalizar o período de prórroga que lle foi concedida a este goberno. Por eso preguntamos hoxe aquí ¿cando se nos vai dar acceso ao expediente do Novo Mercado?.

Sr. Alcalde.- Moi ben señora Louzao, pois xa sabe vostede que ese expediente é un expediente complexo porque... pois levamos aproximadamente algo máis de 3 anos ca xestión desde que se iniciou a xestión dese proxecto, i é un expediente que tuvo varios...varias fases i non... ao tratarse dunha reforma total do edificio pois non exento de complicacións ¿non?, por eso, intentando non atrancar excesivamente o traballo ordinario dos servizos tanto de Urbanismo como de Secretaría e Intervención, estamos intentando recopilar toda a información para que teñan vostedes o expediente perfectamente completo á súa disposición para que poidan analizar o que consideren oportuno no momento en que todo o expediente esté completamente pechado i o poidamos poñer en condicións para o seu análise ¿non? Creo que, seguramente nos próximos días, podremos xa rematar o traballo, hai, sabe vostede, que aí señor Espiño hai un proxecto de humanización, hai un proxecto de urbanización, hai un estudio de detalle, hai un estudio de detalle, no, no señor Espiño, hai un estudio de detalle en relación á plaza de abastos, hai un proxecto, hai un modificado do proxecto, hai unha serie de documentos que evidentemente forman parte dun expediente único, aínda que están tramitados en distintos momentos, i o que queremos é, dentro do que cabe, poñer á súa enteira disposición posiblemente máis pronto que tarde o poderán revisar vostedes integramente, como ademais creo que sempre fixeron con todos os expedientes nesta casa, creo que sempre tiveron as portas abertas i a colaboración total deste goberno para que analizasen e fixesen a súa labor de oposición i de control ao goberno. Sempre creo que se tuvo neste caso unha boa relación, unha boa sintonía entre as tres forzas políticas polo menos na etapa desde que o Partido Popular está ao fronte do goberno, i creo que así vai a seguir sendo, pero comprendan que é un expediente bastante amplo i queremos ter todo previsto para que a poidan analizar i a poidan estudar con todo o detenimiento que queiran vostedes.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, a verdade lamento ter escoitado certas cousas que vostede acaba de dicir como que para non atrancar o traballo ordinario dos departamentos non se nos ten dado acceso todavía. Entendemos que o dereito da oposición, dende logo, é facer o seu traballo i facer unha fiscalización do goberno municipal i eso, dende logo, é un dereito gardado pola lei, non é unha función de atrancamento do sistema administrativo, eso en primeira cousa. Segunda cousa, que vostede diga que é un expediente complexo pode aceptarllo, que diga que existen modificados coñecerao vostede, porque vostedes teñen presentado un proxecto i os cidadáns, polo que estamos vendo estos días, non coñecían os seus modificados. Polo tanto gustaríanos sabelo si existen esos modificados ou non, pero que vostede me diga que hai un expediente que non sabe onde están as partes i que as están xuntando i que levan un mes para xuntar un expediente cando ademais a administración i o seu goberno ten a obriga, como todo goberno lexítimo, e existen departamentos así no Concello que teñen a obriga de custodiar estos documentos i que me diga que non sabe onde están, certificacións de obra que a estas alturas teñen que estar feitas porque nos medios de comunicación o señor Concelleiro i vostede mesmo teñen dito, inflado cifras dicindo que canta obra estaba certificada xa ou non, dende logo podemos entender i hasta lle aceptamos que nos diga que hai algún documento que tardará máis en darnos porque todavía se está tramitando, como poden ser certificacións que se vaian a facer agora para o final de obra, pero que nos diga que documentos que en 3 anos teñen que estar feitos non se pode facilitar o acceso a un expediente dende logo señor Alcalde eso deixa moi claramente ver cal é a xestión que está a facer vostede no seu goberno que nin sequera sabe onde están os documentos na súa propia casa.

Creo que simplemente, con esas cousas que vostede acaba de dicir, acaba de deixar claramente cal é a actitude do seu goberno, non queren darnos acceso a este expediente i están a poñer excusas de patio de colexio como a de dicir que non saben onde están i que nos chaman. Dende logo non saber onde están os papeles, que son a súa responsabilidade ter custodiados, denota unha gran carencia de exercicio democrático non dando acceso a eles, pero tamén denota, dende logo, unha auténtica irresponsabilidade i que vostede non sabe cal é o lugar que ocupa como Presidente i Alcalde desta corporación.

Sr. Alcalde.- Hoxe debo de explicarme moi mal ou ten vostede moi pouco entendemento hoxe. Eu lle estou falando de que hai un proxecto complexo que abrangue varias partes, hai un estudio de detalle efectuado polo propio departamento de Urbanismo, hai un proxecto de humanización do entorno das rúas independentemente do proxecto de reforma da Plaza da Abastos, hai un proxecto modificado posteriormente dese proxecto de reforma, i o que lle estou decindo eu é que para non desvirtuar o traballo da oposición queremos poñer a disposición do seu grupo de goberno, ou do seu goberno toda a información que vostedes necesiten, como sempre se fixo ademais. É que parece que isto é unha cuestión que vostede quere trasladar como algo ordinario i desde logo, bueno, pois creo que aquí transparencia i claridade toda a que vostede queira, i ten vostede, desde logo, acceso a todos os expedientes que se tramitan neste Concello, a todos, sempre os tuvo, sempre os tuvo i este lle estou decindo que é un expediente complexo, non porque haya papeles, como pretende dicir vostede, papeles ciscados polos demais sitios senón que hai...é un expediente, no, é un expediente con varias partes i esas partes evidentemente forman parte dun todo i queremos que vostedes teñan toda a información, como non pode ser doutra maneira, para que o analicen, para que o vexan, para que o revisen, para que se informen, para que o coñezan... Dóuselle no seu momento participación i despois as decisións que toma este goberno pois, faltaría máis, que as tome este goberno. Isto é un problema de

maiorías, aquí hai once aí hai nove, o día que teñan vostedes máis dos que temos nós tomarán vostedes as decisións nos proxectos. Claro, eu sei que vostede lle resulta complicado porque seguramente o proxecto máis grande que fixeron nos seus catro anos foi arreglar unha fonte, un lavadoiro por aí en calquer sitio con 8 millóns de euros do plan E, entón é complicado entender como un goberno pode xestionar un proxecto de cerca de dous millóns de euros no noso Concello ¿non? I sei, ademais, que lle resulta complicado que se faga un procedemento pois aberto, cunha contratación aberta, cos seus prazos correspondientes i ca súa complicación á hora de facer unha rehabilitación dun edificio tan complexo como ese. E vostedes quedáronse pois no que é a... pois eso, a reforma dunhas cuantas fontes, uns lavadeiros, uns camiños públicos i aí foi a herencia súa de oito millóns de euros invertidos no último...nos dous últimos anos do seu goberno ¿non? Por eso entendo que lle resulte tan complexo i tan complicado entender como se xestiona i como por ser un proxecto desta magnitude, tan complexo como é unha reforma integral, non sólo dun edificio, senón do seu entorno, como ben decía vostede, i ademais donde, bueno, pois como sabe, ademais pois... mire, o Concello da Estrada leva aportado máis de 600.000 euros a esa iniciativa, a ese proxecto, o cual creo que foi un esforzo máis que importante a nivel económico por parte de todos os veciños da Estrada en colaboración con ese proxecto. A Xunta de Galicia... conseguimos tamén mediante un acordo que aportase medio millón de euros máis para poder facer un proxecto, bueno, pois o máis ambicioso posible ¿non?, porque, bueno, pois xa sabemos todos cal era a súa capacidade de ambición no tempo que estiveron gobernando vostedes i con catro pesos arreglaban vostedes todo, despois tiveron esa chuvia de millóns i a día de hoxe os veciños da Estrada se preguntan donde están metidos, porque nadie sabe donde están. Eu poderei ou este goberno poderá decir mañán que hai unha Plaza de Abastos, que hai un colexio, unha ampliación do colexio, que hai un colexio do Pérez Viondi, unha ampliación do colexio Pérez Viondi, que hai unha Casa das Letras, que hai, desde logo, unha carretera Liñares-Valboa que o señor Espiño pode usar i disfrutar cando vaia ao seu domicilio, que hai unha estrada que une Portela-Souto de Veá que está a altura do que se levaba reclamando desde fai moito tempo, que hai un Plan Xeral aprobado despois de 30 anos de intentos, e o señor Espiño conoce que leva casi tanto tempo como o Plan Xeral se leva tramitando nesta casa. En definitiva creo que se podrán ver i se podrá observar que hai, desde logo, unha xestión en grandes proxectos que creo que bueno, pois marcarán un antes e un despois ¿non? I outros terán a dubidosa honra de non ser capaces de aprobar un Plan Xeral, de non ser capaces de sacar adiante unha infraestrutura que sexa referente i, desde logo, de malgastar millóns de euros dos cartos de todos en proxectos que non foron nin rentables, nin se ven, nin se saben donde están. Por eso lle pido que confíe na xestión deste goberno i na complexidade que ten xestionar un proxecto complexo como este, pero eu creo que, ademais, ao final i moi proximamente veremos o seu final. Creo que todos nos vamos a sentir razonada y moderadamente satisfeitos polo resultado conquistado despois da obra que se está acometendo na plaza i no seu entorno.

¿Algún outro rogo, algunha outra pregunta? Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Si, vamos a ver, varios rogos e unha pregunta. Primeiro que se actúe de xeito inmediato coa grúa, a famosa grúa que hai na zona de Fernando Conde, porque é un auténtico perigo público, non podemos seguir tendo o vial cortado por esta actuación. Aínda hoxe pasei por alí e parece que caeu un pouco máis, que cada día está caendo un pouco, que se actúe de xeito inmediato e se retire eso porque está...calquer día vamos a ter unha desgracia.

Unha pregunta: ¿Por que non se actuou de xeito inmediato coas obras que estaban realizando para a famosa granxa de visóns de Parada? Porque a explanada que alí se montou e as estruturas que se montaron non se fixeron da noite para a mañá. O goberno debe actuar, debeu actuar con máis prontitude e parar estas obras que a todas vistas ten unha importante contestación social. ¿Prefire que llas faga todas ou contesta...?

Despois un rogo é que hai un corremento de terras na Somoza, no lugar da Carballeira, que afectou a un poste de alumeado público que está cada día tamén caendo un pouco máis, e pode pasar unha desgracia, porque está preto dunha fonte de auga pública que, bueno, calquer día cae de maneira catastrófica e pode pillar a calquera.

Despois, a beirarrúa da nacional 640, concretamente xunto a Lennon, un punto que xa trouxera aquí que era para reparar o servizo de alcantarillado que creo que se reparou, pero quedou a beirarrúa sin rematar, que se remate porque, bueno, está a terra ao aire.

E por outro lado outro tamén, outro rogo é que, dunha vez por todas, se abra o enlace que une a rúa da Cultura coa 640 aos camións porque se está montando, se montan uns auténticos caos diante do ambulatorio. É un sitio que ten moito tránsito e a rúa eu creo que xa está para...poden circular os camións, si se están circulando en outros viais con bastante máis tráfico, como poden ser estradas nacionais ou estradas de moito máis tráfico, nesa ten a suficiente anchura como para que poidan pasar os camións e retiralos de xunto o ambulatorio, que aí si que pode haber un perigo en calquer momento.

Sr. Alcalde.- Moi ben señor Magariños, moitas gracias, empezo polo final. A variante, bueno, estamos pendientes de rematar as obras de acondicionamento interior da parcela que están a brigada da Diputación i posiblemente na semana que vén empecen a botar o firme, a zorra para facer a base previa, o aglomerado de toda a zona de aparcamento e quedará practicamente finalizado, queda pendiente o alumeado. Pero o problema do vial cando se pechou ao tráfico non foi por un problema de ancho, nin de pintado, é un problema de altura. Hai un cable de Telefónica que cruza na parte superior do vial, se lle comunicou tres veces á compañía que procedesen ao retranqueo dese cable. É certo que é unha liña que ven polo medio de fincas particulares i que é certo que hai un gran desnivel, agora máis todavía, porque co recheo que se fixo da estrada pois quedaba unha altura sensiblemente baixa i un camión pois impactou co cable. Tuvemos que avisar de urxencia a Telefónica, viñeron a facer, bueno, unha solución temporal pero están a expensas de facer un suplemento, poñer uns postes máis altos para poder manter, polo menos, a altura dos catro metros e medio libres i como prudencia nos pediron que, mentras tanto, restrinxísemos o tráfico a vehículos que puidesen impactar nese tendido. Creo que a compañía está xa co tema practicamente resolto i seguramente sexa cuestión xa duns días que poidamos quitar esa prohibición de circulación de vehículos pesados i que poidamos xa habilitar de forma definitiva, xa con todas as condicións ese vial.

No que respecta as granxas de visóns, pois sabe vostede que desde finais do mes de decembro se aprobou un Decreto Lei que a verdade é que nos complica bastante a asistencia ás administracións, sobre todo á administración local. É un Decreto de medidas urxentes, é unha Lei exprés que o que fai basicamente é, pois, levar a todos os ámbitos da actividade económica o que é unha figura que estaba reservada para actividades que non tiñan ningún tipo de risco, que é pois a solicitude ou a presentación no rexistro da administración dun documento no que o solicitante di que cumpre cunhas condicións necesarias para poder iniciar a actividade. Antes estaba vinculada a actividades que non eran nocivas ou non eran molestas, agora ábrese ca conseguinte necesidade dun esforzo inspector por parte das

administracións, neste caso a administración local vai a ter que facer un esforzo inspector de todas as actividades que se poñan en marcha a través do coñecido como comunicación previa. Polo tanto comunican previamente do inicio da actividade, de que están en trámite ou cumpren con todas as condicións necesarias con un proxecto visado, fan un relatorio de todas as condicionantes que cumpren i automaticamente, bueno, non sei si convencidos ou por interés moitos dos solicitantes entenden que con eso xa teñen cuberto o inicio do trámite i así poder apurar ou axilizar o inicio i a posta en marcha da súa actividade. Foi o que aconteceu con este tema da granxa de visóns, i no momento que nos puxemos en contacto cos seus promotores, primeiro de forma inmediata, xa de forma verbal mantuvemos unha reunión no Concello con eles i nos trasladaron esta situación. Eu lle trasladei que, evidentemente, nos veríamos na obriga de enviar un técnico para acreditar que realmente cumprían con esa declaración previa, evidentemente non tiñan os trámites todos pasados, de feito, pois ao día seguinte, se mandou ao técnico municipal, tardou uns días en remitir o informe i o informe do técnico iba unido a unha orden de paralización. Este trámite administrativo que a veces parece tan sencillo pois leva dous ou tres días i foi así como se actuou dunha forma pois o máis rápida posible tendo en conta que, bueno, pois a empresa entendía que estaba cuberta con esa declaración previa i hubo que facer un requerimento formal para ordenar a paralización i para impoñer i advertir da imposición das correspondientes sancións i multas coercitivas ¿non? Por eso o tempo de resposta a veces na administración pois cando se fai de forma formal ten estas cuestións.

I, no que respecta á grúa de Fernando Conde, si é certo que hai un colapso no departamento de Urbanismo, temos problemas i é certo que mantuvemos varias reunións i posiblemente nos próximos días seguiremos buscando solucións a un "cuello de botella" que volvemos a ter no departamento de Urbanismo. Posiblemente algo pode ser motivado por, bueno, a posta en marcha do Plan i a chegada de licencias sobre todo de obra maior, de peches, de reformas de vivendas i construcións de nova vivenda, é certo que xa hai bastantes expedientes en tramitación. Pero tamén é certo que, bueno, pois non se está xestionando i eu aí recoñezo parte da miña culpa de forma adecuada o que é o urbanismo en canto á parte administrativa neste Concello ¿non? Por eso hai algunha cuestión que creo que debemos de mellorar, hai trámites que eu creo que deben de ser máis áxiles i que non debemos de complicar tanto, i hai outros que ao mellor pois requiren máis atención i máis tempo ¿non? En todo caso o promotor desta obra, que ademais se veu, bueno, a queixar amargamente de que a súa situación económica non era boa pero que non estaba en suspensión de pagos como se comentara nos medios de comunicación, que el tiña a súa empresa funcionando, que el estaba en condicións de desmontar a grúa pero que nos pedía, por economía, que lle concedésemos simultaneamente a licencia de demolición do que se chama a "Casa do Paxariño", que é a que dá enfrente á rúa Fernando Conde ¿non? El ten unha autorización ou solicitou unha autorización para demolición desa edificación que, ademais, nos provoca tamén moitas queixas veciñais polo seu estado de abandono, i parecía razoable sempre e cando non se demore no tempo poder simultanear ou facer coincidir a orden de desmontaxe da grúa coa orden de... ou ca autorización para a demolición do propio edificio que está colindante ¿non? El así no lo pideu por motivo de economía. Neste momento eu creo que canto máis se poida salvar ou menos se poida... se poida agravar as maltreitas arcas dos empresarios, ou das empresas, ou dos particulares, pois debemos de intentalo i nesa dirección estamos. Está claro que si o expediente se retrasa pois teremos que executar a orden de desmontaxe da grúa i posteriormente, pois, terá que volver a mandar os equipos para poder facer a

demolición do edificio que ten solicitada ¿non? Intentamos facelo coincidir, pero coincido con vostede de que non se pode prolongar moito máis no tempo, i temos que buscarlle unha solución definitiva a este tema.

¿Non sei si tiña vostede algunha cuestión máis? No, moi ben. ¿Algunha outra cuestión? Pois entonces agora pasamos á parte de participación cidadá donde calquer veciño pode expoñer un rogo, unha pregunta que considere oportuno previa identificación aportando o seu carné de identidade i posteriormente se lle achegará un micrófono para facer a súa intervención. Ten a palabra.

Sr. José María Vázquez Caramés.- Bueno, creo que non poden escoller mellor día para vir porque hoxe fálase todo de dereitos, e dixeran pois a min venme de marabilla. Isto é un tema que sucede ca miña filla, persona, que veu usted ayer alí no centro cando nos acompañou, e resulta de que esta rapaza pois sufriu unha injusticia moi grande por parte dun suposto psicólogo, eu penso que máis que dudosa calificación, que cometeu un error e dixo que non necesitaba axuda dunha terceira persona cando por desgracia desde que naceu necesitou sempre axuda dunha terceira persona. ¿Que sucedeu con isto? Que houbo unha persoa dun medio de comunicación que fotografiou isto abaixo, que vai salir mañán no periódico, e bueno, vouno seguir levando hasta donde poida. Pois sucedeu que ela tuvo que devolver un importe de 2.067 euros aproximadamente, era no momento no que eu estaba na miña rehabilitación de transplante etcétera, etcétera. Fixéronme un sistema de pago aplazado, fun pagando tanto cada mes, eu acabei de pagar todo. Á hora de reconocer esta persoa o error que cometeu, isto ocorre en Pontevedra, alí en Pontevedra hai un sistema que eu califico dunha ditadura. Primeiro mándanche a carta en galego, eu o galego que estamos falando aquí enténdoo, o que me mandan eles non teño nin puta idea, entonces ou entendes ou te jodes, pero en castellano non cha mandan. Entonces de primeiro foi ca miña filla, despois a miña valoración eu teño a de Suíza, que alí tuven que pasala... teño a de alí, a de aquí bastante foi que presenteime alí, atendeume un paisano que o que facía era, cada dous por tres, como se cansara de atender a unha persoa botábaa para fóra un rato e conmigo quixo facer exactamente igual. Entonces dixeran non, a min usted non me bota de aquí hasta que me atenda, pois chame a Policía, pois chamea, chamouna el chameina eu, veu a Policía Nacional, no momento en que chegou a Policía Nacional eu estaba chamando tamén á Policía claro, porque pensei que era un cachondeo del. Pois aínda hoxe é o día que non se dignan en mandarme esa carta, son dereitos que temos cando votamos, temos en castellano e en galego, eu como xa dixeran, o galego que falamos aquí eu enténdoo pero o resto é que non teño nin idea e paréceme que é un dereito que temos, primeiro unha persoa cunha minusvalía como ten ela, que estivo alí bueno, no centro donde está e todo eso e, a parte, tamén lle agradezco que é a única vez por conocimiento meu que un político se interesa por eses rapaces, hai pouca xente en España que se interesen ¿eh?, por criaturas con minusvalía, e vou ir máis alá, nin a propia Igrexa, que tanto fanfarronean e tanta propaganda fan, tampouco contan para eles, porque esas criaturas non fan nin primeira comunión nin se confirman, coidado ¿eh?. Entonces eu creo que esta criatura é un dereito que ten, e penso que desde aquí, desde o ayuntamiento, entre todos pois si se podrá reclamar que sea atendida esa petición e que lle reingresen eses cartos que tuvo que devolver, porque, joder, isto para inxusticia xa chega ben. E o meu, cando eles teñan ganas de mandarma, porque mentras ma manden en galego non vou ¿eh?. Mandeille unha carta con acuse de recibo para alá, a día de hoxe aínda non tuven resposta, esto vai para dous ou tres anos a monada deles, e alí, como sabemos como funciona eso, ejércese unha ditadura que eso a min molestoume sempre, sempre. Primeiro xa cando cubrín o impreso, pedino e quixen cubrir o impreso

en castellano que me é máis fácil e negáronmo, nese momento aínda eu estaba censado en Teo ¿eh?. Despois pedino aquí e tampouco, pois eu creo que os dereitos que temos os cidadanos, xa que hoxe coincideu que faláron de dereitos de moitas cousas, sobre todo, o meu aínda máis ou menos, pero dunha criatura cunha minusvalía, polo menos que o atendan. Eu se queredes pódovos deixar os papeles que lle podedes facer copias, mañán o veredes no periódico e, xa vos digo vai seguir moito, moito para arriba, porque estarei disposto a facer incluso algunha manifestación onde un lema nas camisetas onde dirá "todos somos Jénifer Vázquez", porque é unha injusticia moi grande ¿eh? Eu contra unha criatura así, eso a verdade e nunca nadie por un psicólogo, por non corregir eso pois no dixó, pues no lo corrijo. E tuven información dunha persona de alí, que non podo revelar o seu nome porque foi a que nos axudou, e dixó "mire, si usted soupera o que fan aquí dentro non ten nin idea, si usted soupera o que fan aquí dentro non ten nin idea". É todo, moitas gracias.

Sr. Alcalde.- Moitas gracias a usted José María. Eu, bueno, queda tomada nota dese rogo i desde logo a concelleira tamén é coñecedora desa cuestión. Así que por suposto que os Servicios Sociais do Concello i o propio Concello fará o posible para visualizar ese problema, i dígolle, ademais, simplemente creo que así o debe de facer que, bueno, reconocer, recordar que onte foi o Día Mundial do Autismo, que tuvemos a gran sorte a concelleira i eu mesmo de poder achegarnos ao centro que a asociación ACAPAF ten na parroquia de Berres i a verdade é que unha experiencia difícil de olvidar polo traballo que alí se está facendo, por permitir que se visualice un problema que a veces parece que está aí oculto, o problema do autismo, i as persoas que están convivindo i o traballo que se está facendo extraordinario. I eu quero tamén que conste o recoñecemento ao traballo que esos profesionais, i esa xente, i a asociación ACAPAF está facendo neste centro, no centro de Moraña i o traballo que se está facendo a prol de dar a coñecer i de visibilizar un problema social como é o autismo, i integrar a esas persoas na nosa vida i ás súas familias tamén, que a veces pois pasan momentos realmente duros i complicados. Así que valga este recoñecemento que extendo, supoño, a toda a corporación municipal para ese Día Mundial do Autismo i ás persoas que sufren de forma directa ou de forma indirecta ese problema.

¿Non sei se hai algunha outra cuestión por parte do público asistente? Ten vostede a palabra.

Sr. José Antonio Carballo Terzado.- Yo le quiero preguntar que piensa hacer con el IBI, pero no quiero que me venga a decir que La Estrada tiene que gastar más, producir más. El IBI aquí en la Estrada en los dos últimos años se triplicó más de lo que era realmente, vaya usted pa Vigo, no tengo que ir yo, y allá en Vigo es más grande, diez veces más habitantes que aquí y se paga diez veces menos el Impuesto de Bienes Inmuebles que aquí en La Estrada, ¿que piensa solucionar eso?

Sr. Alcalde.- ¿Rematou vostede xa? Si, moi ben. Pois creo que este é un tema que xa debatimos en máis dunha ocasión aquí nesta sesión, neste Salón de Plenos. Bueno, o tema de Imposto de Bens Inmóbles é unha cuestión que preocupa bastante aos veciños i eu entendo a súa preocupación, de feito eu sempre dixen que defendía a decisión que se tomou no seu momento tendo en conta a situación na que se tomou a anulación da bonificación que existía do 37,5 por cento do Imposto de Bens Inmóbles na Estrada. Entendo que esa bonificación tiña sentido facer a súa anulación i poder aplicar o tipo mínimo impositivo igual que se estaba aplicando en calquer sitio de España, éramos unha excepción. Tamén entendo que foi moi

pouco afortunado, i, desde logo, eu lancei as miñas críticas i se lanzaron as críticas en relación á decisión do goberno central de forma unilateral, intervir na autonomía local e incrementar o tipo impositivo do 0,4 ao 0,6. Eu creo que non era preciso facelo para aqueles concellos nos que a súa economía podía estar en condicións de estar saneada, ao mellor si naqueles concellos donde podían ter máis problemas financeiros dentro dos seus plans económicos financeiros que tiveron que aprobar pois entendemos que podría ser razoable obrigarlle a subir o tipo impositivo, pero non no caso do concello da Estrada. Bueno pois foi unha lei que se aprobou para o ano 2012 i o ano 2013, que nos afectou de forma directa porque na Estrada pois por dúas vías se anulou a bonificación por un lado, i por outro lado hubo un incremento do tipo impositivo i eso supuxo pois pasar a tipos efectivos pois do 0,25 ao 0,6 ¿non? Eso vén sendo aproximadamente pois un incremento de máis dun 100 por cen, un incremento dun 120 por cento. É unha decisión ou unha situación bastante insostible, eu sempre o dixen i o que tiñamos que intentar era buscar unha solución para reconducir esa cuestión. Neste ano se tomou un acordo, unha decisión que vai a permitir rebaixar un tercio, subeu o dobre i agora vamos a rebaixalo un tercio o recibo da contribución para o ano 2014, i vamos a eximir do pago da contribución a máis de 1.147 contribuíntes que son os que están recibindo a contribución ou a notificación, a maioría das notificacións que están recibindo estos días nos domicilios das persoas que están sufrindo alteracións catastrais ¿non? O esforzo que se fixo foi esa redución dun tercio do importe dos recibos do IBI, e así intentar bueno pois equiparalos a media por debaixo do que está sendo a situación dos concellos da nosa contorna, que todos practicamente todos viron incrementado o seu tipo impositivo, pero o incremento producido nesas concellos foi do 50 por cento porque non está o factor de anular a bonificación que tiñamos establecida neste concello desde o ano 2002. I polo tanto o noso concello sufriu un incremento maior, tamén agora moitos desos concellos se van a quedar no tipo do 0,6 polo tanto van a seguir mantendo ese incremento do 50 por cento, i o concello da Estrada vai a reducir un tercio o coste dos recibos. Polo tanto neste ano cando reciba o seu recibo do IBI o vai a ter rebaixado en un, aproximadamente, en un 30 por cento con respecto ao que pagou no exercicio 2013. De momento cas decisións i cas políticas que se están tomando a nivel fiscal pois é o máximo ao que damos chegado para poder buscar unha rebaixa que volva aos tipos ¿non? Que volva o IBI, o recibo da contribución a uns niveles pois aceptables nos tempos que corren i non cargar en exceso pois as mochilas ou os febles bolsillos dos nosos contribuíntes máis costes dos que xa teñen na actualidade, que son bastantes.

¿Non sei si hai algunha outra cuestión? Pois si non hai ningunha máis gracias pola súa participación, levantamos a sesión.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas corenta minutos.

A Estrada, 3 de abril de 2014
A SECRETARIA EN FUNCÍONS,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas